REVISTA DE CIENCIA E TECNOLOXÍA DE GALICIA

Código Cero

www.codigocero.com

Nº78_Xaneiro-Febreiro 10

O IPAD SEN SEGREDOS

Metémoslle man ao novo trebello de Apple

O RETO DA COMERCIALIZACIÓN

Arteixo Telecom aposta forte cos seus produtos tecnolóxicos

DIXITALIZANDO XULGADOS

A Xunta afonda na eAdministración

A REDE QUE SE ABRE

Iniciacivas a prol dunha Internet accesible

Clúster TIC de Galicia

ENERXÍA DE MOITOS

BATTLE OF PUPPETS: Xogo para iPhone... feito en Lugo

Edificio de Oficinas da Zona Franca de Vigo.
Área Portuaria de Bouzas s/n, VIGO

Equipo

DIRECTOR_
Xosé Mª Fernández Pazos_director@codigocero.com
SUBDIRECTORES
Carlos Ballesteros_subdirector@codigocero.com_
Marcus Fernández_webmaster@codigocero.com
REDACTORES-XEFES_
Fernando Sarasquete_redaccion@codigocero.com
Carlos Lozano_cuetorubio@yahoo.es
FOTOGRAFÍA_
Adolfo Enríquez Calo • Joferpa
REDACCIÓN_
Manolo Gago (Opinión)
Raquel Noya (Reportaxes)
Moncho Paz (Opinión)
Modesto Pena (Redes)
Sevi Martínez (Xogos)
Diego Rosales (Linux)
SUPERVISIÓN_LINGÜÍSTICA_
María Xesús Vázquez
DESEÑO_GRÁFICO_e_maquetación_
Grupo Código Cero Comunicación
Raquel Noya _ publicidade@codigocero.com
Óscar Louzán_publicidade@codigocero.com
IMPRIME_
Tórculo Artes Gráficas, S.A.
Tel.: 902 905 024 - torculo@torculo.com
EDITA_
Grupo Código Cero Comunicación S.L.
Conxo de Arriba nº 49, 1º C
15706 Santiago de Compostela
Tel.-fax: 981 530 268
http://www.codigocero.com
redaccion@codigocero.com
NÚMERO 78_Xaneiro-Febreiro 2010
Publicación periódica. Prezo 2€
Depósito Legal: C-2301/01
I.S.S.N. (Edición impresa): 1579-7546
I.S.S.N. (Edición dixital): 1579-7554

Neste número...

Que haxa un Clúster TIC de Galicia xa en funcionamento non carece de lóxica. Sobre todo se pensamos en termos de unión, marca común e traballo colaborativo. Hainos noutros sectores de importancia para o tecido produtivo galego, e tendo en conta que as industrias das canles da información son en boa medida o abrigadoiro que andabamos a procurar para tempos de crise (malia non ser inmunes a ela), amais de lóxico o proceso semella a todas luces razoable e natural. E mesmo poderíamos engadir un adxectivo a maiores: saudable. Con todo, que ninguén pense que se están a sentar os alicerces dun futuro acomodaticio onde xa non fiquen azos para competir: a idea é competir máis cos de fóra e seguir competindo cos de dentro, exercicio de abondo compatible con estreitar ligazóns de contacto e canles de comunicación. En boa maneira, dispor dun Clúster TIC viría a ser como ter os membros dun equipo deportivo anteriormente máis espallados en pequenos clubs que, de súpeto, saen xuntos a adestrar todas as mañás, cada un coas súas ideas e estratexias propias e todos facendo o posible por agardar ao que se demora ou por darlle consellos para un meirande rendemento. Contamos coa vantaxe de que todo isto, que até o de agora estaba un pouco no papel, principios e ideais propostos pero en fase de materialización, semella ser xa unha realidade, tal e como se constatou hai uns días na Asemblea Xeral Extraordinaria do Clúster celebrada en Santiago. Desta reunión, por certo, informamos polo miúdo nas páxinas interiores desta revista, pero para quen non teña a paciencia de chegar a elas, dicirlle que serviu para afondar na colaboración bosquexada, para elixir directiva e, sobre todo, para ollar cara a adiante neste proceso de transformación económica cara ao coñecemento e a innovación que todos, cansos xa de crises produtivas, agardamos ver en marcha.

O Grupo Código Cero S. L. reserva para si mesmo tódolos dereitos como autor colectivo desta publicación ao abeiro dos artigos 8 e 32.1 da Lei de Propiedade Intelectual. Quedan expresamente prohibidas a reprodución, distribución e máis a comunicación pública da totalidade ou parte dos contidos desta publicación con fins comerciais, en calquera soporte ou por calquera medio técnico sen autorización da editorial.

SUMARIO 78

NOVAS

4 Resumo de actualidade de e-comercio e de empresas relacionadas coas novas tecnoloxías

REPORTAXES

6 Arteixo Telecom: tecnoloxía de acceso á Rede cen por cen galega
8 A galega Blu:sens presenta a súa tecnoloxía en Oriente Medio
9 Modernización e Xustiza apostan pola eAdministración
10 En marcha o portal Limiaverde para dinamizar o turismo ourensán
11 Gradiant deseña un sistema para favorecer o voto dos embarcados
12 Inesport: plataforma de deporte e tecnoloxía
13 Os granxeiros virtuais reúnense en Castrelo de Miño
14 A empresa galega Dinahosting medra un 25%
15 Xa dispoñible un metabuscador anónimo: Startpage
16 Especialistas reunidos en Pontevedra destacan o valor do eBook
17 Os responsables da e-receita fan reconto de logros
18 Os medios dixitais, no punto de mira dos tradicionais
28 A asociación TADEGA mobilízase en contra da discriminación TIC
29 Ourense, deficitaria en acceso ás redes
30 Telefónica e Ineo informaron en Vigo das vantaxes da Internet
33 Encamíñate: nova aposta de turismo e canles dixitais
34 Afondamos nos segredos do iPad

ESPECIAL CLÚSTER TIC

19 Introducímonos nos obxectivos e alicerces do Clúster
20 Rafael Valcarce, presidente do Clúster TIC
22 A traxectoria de Ineo
23 Os colexios profesionais galegos apoian o Clúster
24 Un sector que non é inmune á crise
25 As asociacións empresariais velarán pola boa marcha da iniciativa
26 Entrevistamos a Mar Pereira, secretaria xeral de Modernización

XOGOS

36 Presentamos un xogo para o iPhone feito en Galicia
37 Repasamos o máis salientable da tempada no eido das consolas

Os códigos QR

Códigos QR (BIDI)
Os códigos QR (Quick Response Codes), tamén chamados BIDI por algunhas operadoras de telefonía móbil, son códigos de barras en 2 dimensións, que precisan dun lector especial para ler o seu contido, e que poden conter información coma texto, números de teléfono ou ligazóns a páxinas web.

Canto custan?
A aplicación para ler os códigos dende un móbil con cámara é de balde, mentres que para acceder aos contidos de Internet que leven este tipo de ligazóns impresas o prezo dependerá de cómo poida conectarse o noso terminal á Internet (Wi-Fi, 3G...) e as tarifas que teñamos contratadas.

Como funcionan?
Podemos instalar un lector de códigos QR accedendo dende o móbil ou o PC a http://reader.kaywa.com ou remitindo unha SMS co texto BIDI ao 22044 (se somos clientes de Movistar, Vodafone ou Orange).
Logo abriremos a aplicación de lectura de códigos, enfocamos coa cámara do móbil ao código a ler e acto seguido o programa realizará un recoñecemento óptico do código bidimensional para remitirnos a unha páxina web determinada dende o navegador do noso terminal telefónico.
No caso de contar cun iPhone ou un móbil con Android, podemos descargar de cadansúa tenda de aplicacións totalmente de balde aplicacións coma NeoReader ou Barcode Scanner, que tamén permiten achegarnos aos contidos aos que apunten os códigos QR.

Os teléfonos de información sobre a TDT recibiron máis de 7000 chamadas dende a súa posta en marcha

Dende que se iniciaron os apagados dixitais no noso país (co consecuente acendido dixital nos diferentes núcleos) alá polo pasado 18 de xaneiro ata o día 4 deste mes, os teléfonos de información sobre a TDT postos a disposición da cidadanía pola Xunta de Galicia recibiron máis de 7000 consultas, unha cifra que rondou unha media de entre 250 e 300 chamadas diarias, superando nalgunhas xornadas as 500 consultas.

O teléfono da Oficina Técnica da TDT (981 57 21 54) presta atención aos cidadáns, instaladores e concellos sobre todos os aspectos relacionados co proceso de transición á Televisión Dixital Terrestre, igual que o 012, un servizo de atención da Xunta reforzado para servir como punto de información centralizado sobre a TDT, que atende as dúbidas dos usuarios sobre a cobertura da TDT e o satélite en caso de que o precisen. Este teléfono está dispoñible todos os días da semana, incluidos os sábados e os domingos.

O 012 recibiu nas primeiras xornadas de apagado das fases I e II arredor de 1000 chamadas diarias que se foron reducindo de xeito paulatino ata as 150/200 dos últimos de xaneiro, producíndose un repunte o 1 e o 2 de febreiro, días nos que se atenderon 625 e 384 chamadas, respectivamente. Un incremento previsto xa que o primeiro de febreiro o apagado analóxico chegou a preto dun millón de persoas.

As consultas máis repetidas centráronse en incidencias de sintonización, a fallos na orientación cara o mellor centro de difusión ou a necesidade de resintonizar o receptor para recibir todas as canles.

Moitos cidadáns tamén se preocuparon polo apagado analóxico nas súas zonas.

Segue aberto o prazo para participar no concurso de proxectos innovadores da USC

Dez anos pasaron xa dende que a Universidade de Santiago de Compostela convocou por primeira vez o seu Concurso de Proxectos Empesariais Innovadores, que animaba tanto aos alumnos con iniciativa como ás empresas xa constituídas a presentar o seu propio proxecto innovador e optar a ser financiado con facilidades para desenvolvelo satisfactoriamente.

Desta volta, a USC celebra a X edición do concurso e vén de abrir o prazo para a presentación de instancias ata o vindeiro 26 de febreiro.

Para participar, é preciso que as persoas ou entidades interesadas presenten unha memoria descriptiva do seu proxecto ou empresa, así como o currículum dos seus promotores.

O obxectivo deste concurso é, un ano máis, impulsar a creación de empresas innovadoras promovidas por estudantes, licenciados e licenciadas ou investigadores e investigadoras, así como mellorar a innovación empresarial e potenciar a xeración de emprego.

Os premios desta edición, tal e como se pode comprobar nas bases do concurso, concederanse por proxecto, e a súa contía será a que segue; un premio de 7.000 euros en metálico e ata 24.000 máis de financiamento mediante empréstamo participativo para o primeiro Premio de Base Tecnolóxica e un premio de 4.000 euros para o segundo clasificado desta categoría.

Asemade, a organización concederá diversos premios noutras categorías, tales como a de Premio Empresa Xove, a de Premio Muller Emprendedora e a de Premio Proxecto con sensibilidade social. O xurado encargado de escoller os proxectos gañadores estará composto por representantes da USC e das entidades colaboradoras.

O CMG acolleu un curso para instaladores de TDT vía satélite

A Televisión Dixital Terrestre vía satélite (TDT-SAT) é un sistema que lle permite á cidadanía que habita naquelas zonas nas que o sinal de televisión non chega ou chega con moi mala calidade, recibir a TDT a través de satélite unha vez que o apagón analóxico chegue á súa zona e non poida ser "iluminada" pola vía terrestre.

Este tipo de tecnoloxía, que deberá ser empregada naquelas zonas denominadas "zonas de sombra", precisan da instalación dun receptor especial, o TDT-SAT, para o cal se requiren uns coñecementos técnicos especiais que non todos os intaladores de TDT do noso país teñen.

Con vistas a isto, o Centro Multimedia de Galicia (CMG), dependente da Secretaría Xeral de Medios, organizou un curso para instaladores deste tipo de tecnoloxía, que pudo ser seguido a través de videoconferencia nos Telecentros de Comunicación (TC) de Lugo, Allariz, A Coruña, situado na Biblioteca Pública Miguel González Garcés (BPMGG), e no da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicacións (ETSET) de Vigo.

O curso, que foi impartido por persoal técnico das empresas Abertis Telecom e Televés, é o terceiro deste tipo que organiza a Oficina Técnica da TDT de Galicia, tamén dependente da Secretaría Xeral de Medios, e o seu obxectivo foi dar a coñecer aos profesionais o procedemento de instalación dos receptores satélite da televisión dixital en zonas sen cobertura terrestre.

Esta formación, que consta dunha parte técnica e doutra administrativa, é un dos requisitos imprescindibles para poder ser distribuidor autorizado de TDT-SAT. Rematada a xornada, os participantes recibiron cadanseu certificado de asistencia.

Esta iniciativa segue a liña das actividades do Centro Multimedia de Galicia para perfeccionar os coñecementos dos profesionais das telecomunicacións nos procedementos de instalación e distribución de SAT-TDT, contribuíndo dese xeito a facer chegar o novo sistema de Televisión Dixital Terrestre a toda a sociedade e de divulgar as súas vantaxes fronte á tradicional televisión analóxica.

A Xunta estrea o primeiro simulador forestal de Galicia

A Consellería de Traballo e Benestar, a fin de ensinarlle aos futuros operarios o manexo de autocargadores e procesadores forestais, vén de adquirir o primeiro simulador forestal de Galicia para o adestramento nas máquinas de procesado forestal.

A iniciativa parte do Centro Integrado de Formación Profesional de Santiago, que puxo en marcha o novo equipo tecnolóxico de simulación, de última xeración e o máis completo existente no mercado, para reproducir coa máxima exactitude as situacións no entorno real do traballo.

O equipo, que conta cun potente sistema informático, pode por en escea múltiples escenarios posibles ata simular o movemento da máquina segundo as características do terreo ao contar cunha plataforma móbil.

Asemade, o simulador permite o seguimento do alumno no seu adestramento, xa que é quen de rexistrar todos os resultados dos exercicios simulados.

O emprego destes equipos na formación é habitual en países como Finlandia, Canadá ou Suecia. En España a incorporación desta tecnoloxía é máis recente, e no caso de Galicia é o primeiro sistema destas características instalado na comunidade autónoma.

A aposta da Xunta polo uso deste sistema ven de por de manifesto que a Dirección Xeral de Formación e Colocación, na súa rede de centros propios, está de xeito permanente facendo as adaptacións e inversións necesarias para ofertar calidade e innovación.

Na imaxe, un simulador forestal en 3D usado actualmente no País Vasco.

Xa hai finalistas galegos no certame de Fundetec para impulsar a Rede entre maiores

A entidade Fundetec ten entre os seus obxectivos promover o emprego das redes onde aínda non fixeron acto de presenza, de aí que organice cada pouco tempo iniciativas de divulgación que poñan de manifesto as seguintes realidades: xa non é posible ficar de costas ao coñecemento dixital e, de facelo, estaríamos a deixar de lado unha salientable oportunidade de comunicármonos, aprender e mesmo traballar. Nesta liña insírese o II Concurso Maiores cON Iniciativa que organiza a devandita fundación co obxectivo de recoñecer o traballo dos dinamizadores sociais á hora de achegar as redes ás persoas de idade. Pois ben, o certame tamén ten apartado galego, que, por certo, xa ten finalistas. Trátase de 10 internautas-axentes sociais con cadanseu proxecto en liña de inclusión no dixital.

O proxecto, que contou coa colaboración da Secretaría Xeral de Modernización (que non Secretaría General, departamento inexistente por moito que Fundetec teime en escribilo así), conta na nosa terra cun fervedoiro de actividade social, tal e como se desprende do feito de que sexamos os segundos do Estado en cantidade de proxectos dados a coñecer no certame.

Así, sinala Fundetec, das 88 candidaturas achegadas 16 son galegas, todas promovidas a través da nosa Rede de Centros de Dinamización da Sociedade da Información. En total, máis de 260 maiores galegos están a día de hoxe adquirindo novas habilidades no emprego da Rede e o computador grazas ás devanditas iniciativas. Das 16 propostas presentadas ao certame, o comité técnico do mesmo elixiu as sete que, xunto coas outras tres que foron seleccionadas por votación na Rede, pasarán á final autonómica de Galicia. Da listaxe final, que achegamos de contado, obteranse as tres gañadoras, o que significa que tanto os axentes sociais que as dirixiron como todas e cada unha das persoas que participaron nelas recibirán un agasallo tecnolóxico.

A entrega de galardóns desenvolverase o martes 16 de febreiro en Santiago.

Estas son as dez escolmadas:

- 'Bergantiños: pasado e presente', Centro de Dinamización de Carballo
- 'Exprésate a través do teu blog, Centro de Dinamización de Sada
- 'Memoria de Muller en Monte Porreiro', Centro de Dinamización de Pontevedra
- 'Memoria dos oficios en Sada', Centro de Dinamización de Sada
- 'Memoria de Muller en las aldeas de Boiro', Centro de Dinamización de Boiro
- 'Memoria dos oficios de Boiro', Centro de Dinamización de Boiro
- 'Memoria de Muller en Burela', Centro de Dinamización de Burela
- 'Memoria de Muller de Ribadeo', Centro de Dinamización de Ribadeo
- 'Memoria dos oficios de Ribadeo', Centro de Dinamización de Ribadeo
- 'As herbas medicinais en Allariz", Concello de Allariz.

As tres propostas que saian gañadoras pasarán á final estatal do Concurso, na que só haberá un único galardoado, elixido por un xurado formado por persoeiros públicos e de entidades privadas ligadas ao eido das redes e das persoas maiores. O acto celebrarase en Madrid o 25 de febreiro.

A web de Paradores do Estado ofrece versións en castelán, inglés e alemán, pero non en galego

Para os que tiñamos a empresas como Telefónica no punto de mira por achegar unha versión da súa web en catalán e deixar o galego aparcado até novo aviso, cómpre ir convencéndonos de que queda por moito por facer na Rede á hora de conseguir que se respecte a nosa lingua, e máis se temos en conta que nin sequera se fai isto dende iniciativas postas en marcha ao abeiro dos cartos públicos, por moi estatais que sexan. Así nolo conta estes días o BNG a través do seu voceiro no Congreso dos Deputados, Francisco Jorquera, que ven de erguer a voz polo que considera un dos meirandes absurdos do panorama turístico-dixital dependente do Goberno. Falamos da web de Paradores do Estado, www.paradores.es, unha páxina que malia tocarnos de preto aos galegos (que ben que achegamos á dita rede turística algúns dos emprazamentos de meirande calidade de España, como o Hostal de Santiago ou San Estevo de Ribas de Sil) non presenta versión na nosa lingua. Aínda que iso si, a web pode visitarse en castelán, francés, alemán, inglés e catalán.

A velocidade está no enchufe

Arteixo Telecom aposta polo gran consumo co seu adaptador ultrarrápido para redes locais

Redacción

O nome de Arteixo Telecom, a veterana compañía galega de electrónica industrial e telecomunicacións que hai unha década cambiou de rumbo para apostar pola tecnoloxía propia e o valor engadido, resoa xa no deserto de Nevada. Atópase alí a cidade de Las Vegas, coñecida por ser a capital da libertinaxe dos Estados Unidos. Pero a cidade dos casinos e as vodas estilo Elvis Presley é tamén a sede da meirande feira de electrónica de consumo do mundo, o International Consumer Electronics Show (CES). E ata alí viaxou o pasado mes de xaneiro o último produto saído do departamento de investigación e desenvolvemento de Arteixo Telecom: o adaptador ultrarrápido para a creación de redes locais por medio do cable eléctrico.

Entre os xigantes mundiais das novas tecnoloxías, as espectaculares prestacións e a grande versatilidade deste equipo non pasaron desapercibidas. A xulgar polo éxito colleitado, o adaptador ultrarrápido de Arteixo Telecom leva camiño de ser a porta de entrada da compañía no esixente mercado de gran consumo.

"*Sentímonos moi satisfeitos da aceptación que tivo o noso equi-*

po. Sobre todo, estamos moi orgullosos de poder dar a coñecer ao mundo un produto tecnolóxico de vangarda para un sector extraordinariamente competitivo desenvolvido integramente en Galicia", sinalou Rafael Valcarce, presidente e director xeral de Arteixo Telecom.

E certamente o adaptador ultrarrápido de Arteixo Telecom é un produto punteiro. Foi concibido polos enxeñeiros de compañía para dar resposta ás esixencias da próxima xeración de redes multimedia domésticas. De feito, emprega tecnoloxía de Gigle Networks, a única que actualmente é capaz de proporcionar unha rede de comunicacións doméstica ultrarrápida, fiable e segura sen necesidade de realizar ningún tipo de cableado adicional, xa que fai uso da rede eléctrica (nun futuro poderá empregar tamén o cable coaxial ou o telefónico). Esta solución supera con moito e a amplitude de banda que se obtén co Wi-Fi e pasa por riba das principais limitacións desta tecnoloxía sen fíos, ao ofrecer unha conexión de altísima velocidade totalmente estable, libre de interferencias, con seguridade de garantida e de moi sinxela configuración. "*Con este equipo estamos a competir cun grupo moi miúdo de compañías de dimensión multinacional. Somos a única empresa española que ten desenvolvido e, ademais, fabrica e comercializa un equipo destas características. Isto ratifica a aposta da compañía pola innovación e impulsa a nosa decisión de pensar en termos globais*", insiste Valcarce.

O reto da comercialización

Co adaptador ultrarrápido de Arteixo Telecomn é posible acceder a servizos de Internet, televisión, música, xogos ou outros servizos de lecer desde calquera punto do fogar ou da oficina, cunha amplitude de banda de ata 1 xigabit por segundo (1.000 Mbps). Esta altísima velocidade de conexión permite gozar sen problema ningún de, por exemplo, televisión de alta definición desde calquera punto da rede local. E alí onde haxa un enchufe eléctrico, haberá un punto de conexión á rede. Esta, ademais, configúrase de xeito automático, con só enchufar os adaptadores, e admite ata oito usuarios simultáneos.

Consciente de ter entre mans un produto que é quen de competir con vantaxe no mercado, os executivos de Arteixo Telecom traballan neste intre na estratexia para a súa comercialización, co obxectivo de poñer o adaptador ultrarrápido ao alcance dun mercado ávido de facer realidade iso do "*fogar dixital*".

Unha locomotora das TIC cen por cen galega

A aposta pola calidade, a investigación e o desenvolvemento de tecnoloxía propia son as claves do éxito de Arteixo Telecom, cuxo accionariado pasou recentemente a ser cen por cen galego.

A compañía acadou esa plena "galeguidade" cunha recente operación de compravenda de accións, pola que o grupo de directivos Global Diez S.L, que actualmente xestiona a empresa, elevou do 51% ao 71% a súa participación no accionariado da compañía, ao comprar á madrileña Gesrpotel S.L. o 20% que posuía. Como resultado desta operación, o accionariado de Arteixo Telecom pasou a estar composto unicamente por dúas sociedades, ambas con domicilio en Galicia, Global Diez S.L., co71% antes sinalado e Intelega S.L., co restante 29%.

"O paso que demos ten detrás moito tempo e esforzo, e agora hai que tirarlle rendemento. Desde a compañía queremos contribuír a impulsar en Galicia un modelo económico baseado na produtividade e o valor engadido, a calidade e o respecto ao medio ambiente. Vamos seguir demostrando que na nosa comunidade se pode producir tecnoloxía punta, crear riqueza e emprego estable e competir nos mercados globais", asegura Rafael Valcarce.

De cara ao futuro, o presidente de Arteixo Telecom sinala como retos *"seguir potenciando as dúas grandes liñas de actividade de compañía: a fabricación para terceiros, que é algo que sempre fixemos e que facemos moi ben, e o desenvolvemento, fabricación e comercializacion de produto propio"*. En canto á súa introdución en novos sectores, e ademais do grande consumo, a compañía ten no punto de mira a industria da Defensa, e está traballando na certificación dos esixentes parámetros de calidade que pide o ministerio do ramo.

Blu:sens, a por Oriente Medio

A empresa compostelá presenta o seu fogar conectado na feira CABSAT

Redacción

Blusens Middle East, a filial da compañía galega en Oriente Medio, vén de anunciar a súa presenza na feira CABSAT Mena 2010 (**www.cabsat.com**), probablemente o encontro empresarial e profesional máis salientable da devandita rexión do mundo, abranguendo unha boa parte dos mercados asiáticos e africanos. O obxectivo da multinacional compostelá é amosar polo miúdo o funcionamento e as vantaxes do seu dispositivo Blubrain, centro de lecer multimedia que, como resumimos nesta mesma páxina con motivo da súa presentación en Madrid, permite xestionar, reproducir e máis distribuír contido audiovisual entre un variado número de trebellos do fogar.

Blusens, que amais do Blubrain (alicerce da proposta de Blusens para o fogar conectado) presentará outros produtos do seu catálogo, contará en CABSAT coa presenza activa de Miguel Silva (vicepresidente executivo), Miguel Churruca (director de Marketing) e David Fernández (responsable da filial en Oriente Medio), todos eles dispoñibles para afondar nos produtos da compañía no stand G1-11 (hall 1) da dita feira tecnolóxica.

A previsión da compañía é informar polo miúdo na feira (que se vai celebrar do 2 ao 4 de marzo) das solucións IPTV, OTT, adPortal e Digital Signage, así como da liña de produtos de MATV para a recepción de sinais TDT e satélite nos fogares, hoteis e organizacións.

▲ **O Blubrain será de novo un dos produtos estrela da compañía**

Eido doméstico en liña

A proposta de fogar conectado que Blusens vai dar a coñecer en Oriente Medio ten o seu centro de operacións no dispositivo Blubrain, tecnoloxía que hai unhas semanas foi explicada en detalle durante outro encontro dixital celebrado en Madrid. A idea de Blusens durante esta presentación previa á da CABSAT foi incidir en que estes trebellos e servizos achegados parten dunha realidade concreta, a da historia familiar de centos de milleiros de familias españolas reunidas arredor do televisor, para adaptala aos novos tempos, estendela, afondar nela e, sobre todo, ampliar até o impensable as posibilidades de interacción (antes, pola propia natureza do devandito aparello, máis que limitadas).

A proposta fogar conectado non se limita polo tanto a actuar sobre o televisor e convertelo en subministrador e receptor de datos, senón tamén sobre os reprodutores de vídeo, DVD, Blu-ray, reprodutores de audio, cadeas de música, videoconsolas, PCs, computadores fixos e portátiles, Internet, etc.

A iniciativa da empresa galega, tal como fixo saber en Madrid e desvelará tamén no mercado de Oriente Medio, consiste en interconectar todos eses aparellos e servizos uns con outros dentro do eido doméstico e simultaneando esa conexión interna con canles activas co exterior a través de Internet.

"Isto é o que se coñece como Fogar Conectado", sinala Blusens, *"un concepto que fai evolucionar o de Fogar Dixital e sobre o que descansan as novas tecnoloxías para crear redes para o fogar transparentes para o usuario, mesmo enviando datos a través da rede eléctrica, capaces de achegas velocidades de transferencia moi por enriba do que hoxe se acada co Wi-Fi"*.

Entre as pezas que constitúen o concepto novo de ámbito doméstico sitúase Blubrain, centro de lecer multimedia cuxo gran obxectivo é achegar *"novas experiencias de lecer para a familia permitindo un acceso máis variado e flexible a diferentes contidos, tanto de televisión, radio, Internet ou contidos almacenados en discos duros"*. Blubrain, entre outras cousas, permite xestionar, reproducir e distribuír contido audiovisual entre unha chea de dispositivos. Entre os seus elementos inclúese un disco duro, dobre sintonizador DVB-T preparado para tecnoloxía HD, un sistema NAS (Network Attached Storage) para almacenamento e *streaming* de vídeo.

Pulo á canle cidadanía-xulgados

O plan de informatización da xustiza supuxo xa un investimento de 2 millóns de euros

Redacción

A Xunta vén de facer un repaso do seu traballo recente en materia de informatización da xustiza. Os detalles foron achegados hai uns días perante os medios no transcurso dunha cita convocada en San Caetano, que xirou arredor dos seis meses de vida do Plan TIC de Medidas Urxentes para o dito eido administrativo e que contou coa presenza activa da secretaria xeral de Modernización, Mar Pereira, e o director xeral de Xustiza, Juan José Martín Álvarez. O proceso de dixitalización, que até agora veu acompañado de investimentos por valor de 2 millóns de euros, ten a mesma base que a de calquera outra acción innovadora no ámbito administrativo: a mellora de todo o que implique xestión, envío, control, recuperación ou almacenamento dos datos. Asemade, vai dirixido a facer que a comunicación entre as institucións e a cidadanía sexan máis áxiles e eficaces.

Con todo, sinala a Xunta, o Plan TIC ten o valor engadido de impulsar un ámbito, o xudicial, especialmente lastrado polos métodos de tramitación tradicional, con todo o que iso implica: traballos e esforzos extra que ben puideran (e deberan) automatizarse.

Dos dous millóns devanditos, sinalouse, un 44,67% foi dar á adxudicación de servizos de mantemento e continuidade do servizo, o 41% a infraestruturas, plataforma ofimática e seguridade, o 9,03% á implantación de sistemas de información e o 5,12% restante á adxudicación do Plan de Sistemas de Xustiza, a continuación do programa para os vindeiros catro anos.

Segundo comentou Mar Pereira durante o balance da estratexia posta en práctica hai seis meses, o Plan TIC de Medidas Urxentes esténdese até finais de 2010, incluíndo un orzamento de 2.153.000 euros. O obxectivo do mesmo, relembrou, é contribuír á unha modernización eficaz da xustiza. Os traballos comezaron a nivel de estruturas, ámbito que a xuízo de Pereira atopábase nunha situación de partida *"moi crítica"*. En detalle, o que se fixo no comezo foi un estudo da ocupación das liñas das sedes xudiciais, que se ampliou en 27 e se solicitou noutras 15. "Así", comentou a secretaria xeral, "*antes da aplicación do Plan o 20% das liñas presentaban un nivel de ocupación crítica mentres que un 52% estaban nunha situación óptima; porén, neste intre, un 1% das liñas teñen un nivel de ocupación crítica, mentres un 77% delas están nunha situación óptima*".

▲ **Mar Pereira e Juan José Martín Álvarez na rolda de prensa**

Actuacións concretas

O plan, alén da achega de cifras, serviu para abordar accións concretas entre as que Mar Pereira salientou a revisión dos centros de proceso de datos das unidades xudiciais, un servizo que (para entendérmonos) atópase espallado en 49 sedes e, a xuízo da Xunta, ás veces en emprazamentos pouco idóneos para darlles acubillo. Para contribuír a mellorar esta situación integrouse o Centro de Proceso de Datos (CPD) central da informática xudicial (até o de agora en Área Central, en Santiago) no CPD central da Xunta. Para os departamentos que dirixen Mar Pereira e Juan José Martín, este traslado responde aos "*graves problemas de climatización dos que adoecía o emprazamento antigo*".

De xeito simultáneo, estanse a revisar os restantes CPDs das devanditas 49 sedes e a equipalos de sistemas de alimentación que atenúen as consecuencias dun hipotético problema eléctrico.

Entre as actuacións concretas tamén se inclúe a renovación do equipamento informático do parque ofimático xudicial galego (substituíndo tódolos anteriores a 2005).

No que atinxe aos xulgados de paz, dicir que neste intre se está a facilitar infraestrutura de acceso ao sistema, contando o 75% destes emprazamentos coa dotación de equipo finalizada.

Vantaxes para a cidadanía

Durante o transcurso da presentación destes datos en San Caetano, o director xeral de Xustiza, Juan José Martín, fixo fincapé nas vantaxes que este proceso de información vai poñer en xogo de cara á cidadanía. Ao seu xuízo, o eixe arredor do que xira toda a actividade de modernización é favorecer a interoperabilidade total. Ou sexa, a creación dun ámbito comunicativo sociedade-administración que faga súas as vantaxes do eido dixital, vantaxes entre as que se conta a supresión do papel como soporte. "*Deste xeito*", subliñou, *"tódolos trámites e os escritos poderán ser formalizados e achegados a través das novas canles da información"*. Ademais, engadiu, axilizarase o tempo de traballo do persoal do ámbito da xustiza, incluídos os xuíces, que verán como se reduce con moito o tempo de traballo ao substituír procesos tradicionais polas achegas da automatización.

Itinerario de calidade

En marcha o portal limiaverde.com para dinamizar o turismo rural do sur de Ourense

Redacción

A Rede galega móvese, por moito que teña atrancos (e non poucos, sobre todo de dispoñibilidade da Internet) no seu camiño. E xa que falamos de movérmonos e de camiños, hoxe toca dar conta dunha páxina posta en marcha dende a nosa terra que non semella estar feita, precisamente, para quen goste de meterse no coche para percorrer os cen metros que separan o fogar do traballo. Non, a web **limiaverde.com**, cuxo nome xa fala por si só, éche outra cousa. Segundo nos conta a xente da empresa NetGal Software, responsable deste desenvolvemento tecnolóxico-turístico-cultural, a web vai dirixida a servir de instrumento útil para quen queira visitar e percorrer Galicia, máis polo miúdo a comarca da Limia, e queira fuxir dos centos de informacións incompletas ou superficiais que acolle a Rede no ámbito turístico.

> A idea é conseguir un portal dinámico en canto á actualización de ofertas, entre outras cousas.

A páxina web en cuestión, que foi presentada recentemente no Centro Cultural da Deputación de Ourense, constitúese como a web oficial da Asociación de Casas de Turismo Rural Limia Verde. Neste senso, o portal foi posto en marcha para cumprir un servizo ben definido: impulsar a presenza dos establecementos no amplo mercado que favorece a Rede. Con todo, os obxectivos non rematan aí: preténdese impulsar economicamente toda a comarca da Baixa Limia e a Raia Seca ofrecendo información e contidos de emprazamentos cun marcado interese turístico.

Como diximos, a iniciativa foi deseñada pola empresa Netgal, que ten sede na Tecnópole de Ourense e que conta cun amplo currículo en materia de proxectos tecnolóxico-dixitais orientados ao turismo. *"Como características salientables de limiaverde.com"*, informou durante a presentación do sitio en liña a dita firma, "*temos un contorno visual moderno e atractivo, contidos organizados dun xeito estruturado para o usuario e con capacidade multi-idioma (galego, español e inglés)*".

A idea é conseguir un portal dinámico en canto á actualización de ofertas, novas da asociación e introdución continua de novos contidos, todo isto favorecéndolles aos establecementos hostaleiros integrantes unha achega de imaxe común e identificable que axude a afianzar a súa presenza no mercado en liña. Por certo que cada casa rural disporá da súa web propia de seu dentro do portal, que será administrada particularmente por cada asociado.

A Asociación Limia Verde conta neste intre con 11 casas de turismo rural das zonas da Baixa Limia - Raia Seca - Monterrei.

▲ **Captura da web www.limiaverde.com**

Investigación a toda máquina

Gradiant fai reconto de éxitos: 40 proxectos en curso e 2,5 millóns de euros captados

Redacción

Gradiant (**www.gradiant.org**) vén de facer reconto dos froitos de desenvolvemento acadados ao longo do seu ano e medio de vida. Segundo informan fontes deste centro de investigación tecnolóxico con emprazamento en Vigo, 2009 supuxo un pulo importante para iniciativas previas e achegou un número máis que salientable de proxectos novos, unha boa parte deles (se non todos) incluídos no que se coñece como innovación. Ou sexa, aquilo no que non traballa ninguén máis. Deste xeito, o centro foi quen de pór en marcha máis de 40 proxectos de I+D, dos que unha boa parte (80%) contaron para a súa realización co apoio das empresas (máis de 30). Asemade, acadouse unha facturación directa por I+D a empresas superior ao medio millón de euros e unha cifra de captación de fondos próxima aos 2,5 millóns de euros.

O orzamento para 2010, engade este centro orientado a crear coñecemento de valor no eido das novas canles dixitais, acada os tres millóns de euros.

Así definen dende Gradiant as razóns do éxito de hoxe: "Aínda que 2008 foi o ano da posta en marcha, dende un primeiro intre viuse que era preciso un forte ritmo para poder competir, o que fixo que o exercicio rematase con preto de 1 millón de euros captados e un convenio plurianual asinado coa Consellería de Industria e que garante o sostemento estrutural do centro". Con todo, foi o ano que vimos de deixar atrás o que lanzou máis sinais de aviso da boa saúde do centro.

Estes son algúns dos froitos acadados:

• Catro patentes en proceso de concesión, tres delas internacionais.

• Máis de 40 proxectos de I+D en curso, a maioría dos cales postos en marcha con empresas.

• Unha cifra de captación de fondos próxima aos 2,5 millóns de euros.

Outra das claves do éxito, sinalan os responsables deste complexo de investigación, radica no bo traballo de diálogo e colaboración coas empresas TIC galegas. "*O caso máis salientable*", sinalan, "*foi a presentación do proxecto Wi-move perante o CDTI do Ministerio de Industria, cun orzamento total de 3,2 millóns de euros, no que Gradiant actuou como promotor e no que se van investigar e desenvolver tecnoloxías radio que constituirán a base da futura xeración de comunicacións móbiles, coñecida como 4G*".

Sistema para favorecer o voto dos embarcados

O sistema democrático, entre outras moitas eivas non visibles de boas primeiras, ten unha que se percibe con cada proceso electoral: a imposibilidade de achegar o voto para os colectivos que, polas razóns que sexan, non están en disposición de facer acto de presenza nos colexios ou ben de envialo por correo a tempo. Para o centro Gradiant de investigación é hora de comezar a pórlle remedio. Nesta liña, o centro vigués informou do remate dun estudo para un sistema de votación electrónica para mariñeiros de altura, financiado polo Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño por encargo do Congreso dos Deputados.

O traballo serve entre outras cousas para dar forma a unha alternativa viable ao voto por correo, arestora dispoñible para as persoas desprazadas pero como ben saben os mariñeiros e os seus contornos familiares non sempre posible de aplicar, por exemplo cando saen de marea antes de que comece o prazo para o envío do voto por correo e volvan logo de que remate.

Para resolver estes e outros atrancos, Gradiant propuxo un sistema de voto electrónico remoto para o persoal embarcado que posibilite a achega do mesmo até no día sinalado para os comicios. "O sistema", dise no centro de I+D, "subministrará os resultados dunha furna remota mediante unha conexión de datos, vía satélite ou a través doutra tecnoloxía de acceso que se teña por axeitada segundo o caso". Con este obxectivo, afondouse no aproveitamento das ligazóns de datos que promove o dito Ministerio. Segundo engade Gradiant, a iniciativa podería valer tamén como alicerce que impulse o desenvolvemento dos mecanismos que hoxe rexen o voto no Estado, arestora cen por cen manuais agás en determinados casos de automatización do proceso. Este chimpo integral á dixitalización non puído facerse até o de agora polas feblezas propias das canles que posibilitan o envío remoto, tanto no que se refire ao software como no que atinxe ao hardware (o propio PC do usuario) e aos propios elementos de acceso á plataforma de voto. A cuestión é que estes contornos non acaban de achegar o nivel de seguridade requirido.

Porén, o sistema de Gradiant non ten estas feblezas. A xuízo dos responsables do centro, a clave está no emprego de hardware específico que "que evita a posibilidade de execución de programas infecciosos ou de modificación do software cargado no dispositivo, ó mesmo tempo que permite a realización de auditorías de seguridade tanto antes como despois do seu uso". Asemade, puntualiza o centro galego, "explota técnicas criptográficas avanzadas para engadir seguridade e transparencia ó proceso de votación para o persoal embarcado, evitando os problemas de autenticación e solucionando ademais o problema dos prazos de entrega de documentación".

A innovación beneficia ao deporte galego

Nace a plataforma tecnolóxica Inesport

Raquel Noya

A práctica deportiva, ademais de reportarnos moitos e grandes beneficios a nivel físico e psíquico tamén nos aporta outros beneficios como a disciplina, a mellora da autoestima e a capacidade de superación, entre outras cousas.

Porén, cando se fala de competición, a falta de igualdade de condicións á hora de enfrontarnos ao adversario, pode non só minimizar os beneficios do deporte, senón ser incluso contraproducente e levarnos a rexeitar esa actividade e incluso a aborrecer o deporte.

Un mal calzado, unhas instalacións en mal estado ou unhas ferramentas pouco axeitadas para a práctica deportiva tampouco axudan demasiado a que os nosos deportistas se adestren como deberían facelo e a iso pode axudar moito a investigación, o desenvolvemento e a innovación aplicada ao deporte.

É por isto que a Xunta de Galicia, no camiño de comezar a aplicar a I+D+i neste tipo de actividade para mellorar o nivel dos nosos deportistas, vén de anunciar que coordinará un grupo de traballo das empresas deportivas galegas para que, segundo indicaron, "a nosa Comunidade se converta nun referente na industria do deporte español". O secretario xeral para o Deporte, José Ramón Lete, anunciou esta decisión no transcurso da presentación en Madrid da plataforma tecnolóxica Inesport, creada por empresas do deporte co obxectivo de axuntar esforzos en investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) e coordinar as súas actividades, ademais de mobilizar ao sector nesta aposta.

Este grupo de coordinación integrado polos diferentes sectores, servirá basicamente para xuntar esforzos e potenciar así un sector que desempeña un papel crave na industria do deporte español, que crea máis de 110.000 postos de traballo en España e xera 9.000 millóns de euros ao ano, aproximadamente o 2 por cento do Produto Interior Bruto (PIB).

Galicia, que conta con empresas de referencia no téxtil, da xestión de instalacións ou de equipamento, debe explotar todo o potencial que ten e a intención da Xunta é agrupar as partes interesadas ao redor dunha visión e enfoque común para o desenvolvemento da industria nacional do deporte. Nese marco, está prevista a posta en marcha por parte da nova plataforma dunha Axenda Estratéxica de Investigación para a mobilización da masa crítica de investigación aplicada para favorecer o desenvolvemento e a transferencia, propiciando a innovación industrial e con iso o posicionamento na industria nacional.

José Ramón Lete entende que "*o deporte constitúe un fenómeno sociocultural e económico incuestionable que vai máis aló do seu propio núcleo de influencia directa, afectando a un gran número de ámbitos de actividade diferentes, relacionados coa demanda de: construción de infraestruturas deportivas, fabricación de equipamento deportivo, pavimentos deportivos, produtos deportivos, pezas deportivas, dietética e nutrición, servizos sanitarios ou de rehabilitación, actividades de información e comunicación e turismo, entre outras*".

Debido a ese pensamento a iniciativa pretende beneficiarse do carácter transversal que ten o deporte e que fai que inflúa considerablemente nas sociedades actuais, con independencia da súa orixe e contexto social, político ou económico. O seu rango de intervención é moi amplo e é aquí onde radica a súa importancia.

O deporte proporciona unha área óptima para a transferencia de innovacións procedentes de contornas tecnoloxicamente esixentes que atopan as súas primeiras aplicacións de consumo masivo (o snowboard e o calzado son un bo exemplo diso). O deporte actúa como tractor de tecnoloxía, de novos conceptos, actividades e oportunidades e ademais, dispón dunha capacidade privilexiada de transferencia a outros sectores e, por suposto, á sociedade.

Sachando dixitalmente

Castrelo de Miño lánzase a organizar encontros de granxeiros virtuais

Redacción

As redes e os nosos piares económicos de sempre (actividades do rural máis que nada) non só son compatibles senón que se necesitan uns aos outros. Practicamente, é coma se falasen o mesmo idioma pero sen sabelo. O único que fai falta para un mellor e máis frutífero entendemento son mellores infraestruturas dixitais e, sobre todo, caer na conta do potencial da Internet, tan innovadora ela, como unha inmellorable corredoira entre a cidade e o noso rural. De asumir os cambios e tirar partido deles é do que tratou a nova iniciativa dixital do Concello de Castrelo de Miño (castrelo.wordpress.com), proposta que consiste en apoiar a plena presenza das explotacións agrícolas locais na Rede de hoxe, contribuíndose a un modelo mixto, a medio camiño entre o real e o virtual pero sacando o máximo proveito de cada un destes eidos.

O proxecto non xorde só: veu acompañado do primeiro encontro de granxeiros virtuais de España, que se desenvolveu a finais de 2009 en Castrelo, e que atopa continuidade cunha nova xuntanza cada trinta días.

Por certo que a cita coincidiu coa estrea da feira de produtos agrícolas e artesanía que o Concello quere instaurar tódolos últimos domingos de mes, logo de moitas décadas sen terse celebrado (dende os anos trinta). O obxectivo da cita virtual que acompaña á dita feira é este: conxugar a agricultura real cos modelos de presentación e distribución que se están a espallar rápido polas redes. Segundo informa o goberno local, as persoas que participaron nesta xuntanza puideron pasar a noite de balde no albergue municipal. Alí aproveitaron para intercambiar experiencias e para amosarlle aos non iniciados en que consiste a práctica do traballo agrícola dixital: en sementar, colleitar, distribuír e vender pero substituíndo os tradicionais apeiros de labranza polos equipamentos da Rede.



Proxectos semellantes

A proposta de Castrelo non xorde da nada. Arestora hai unha chea de plataformas onde internautas de todo o mundo manteñen contacto a través de ferramentas que se inspiran en redes de explotacións agrogandeiras. O resultado podémolo ver en servizos como Farmville (un dos grandes piares deste encontro galego), que dá acubillo á interacción de centos de milleiros de agricultores que, en troques de facer o seu labor cos apeiros de labranza tradicionais e de vender e mercar produtos con diñeiro tradicional, empregan ferramentas de traballo e cartos virtuais. O potencial deste labor, malia non repercutir directa e visiblemente na riqueza dunha terra ou dunha economía, é ben grande. En parte porque abre as portas da Rede para as actividades económicas teoricamente máis afastadas e, en parte, porque o modelo de interacción destas granxas virtuais ben pode ser aproveitado para a posta en marcha de propostas mixtas, é dicir, granxas reais que traballen coa Rede como antes traballaban coas feiras ou os espazos de venda e distribución tradicionais.

Na liña de obter coñecemento destes achados é onde se sitúa a xuntanza de granxeiros virtuais que convocou Castrelo. Dáse a circunstancia, amais, de que este concello (que basea unha boa parte da súa economía en actividades agrícolas e vitivinícolas) conta a día de hoxe cun bo número de veciños a cabalo entre os devanditos dous mundos: o da agricultura de tipo tradicional e o da actividade en liña, relativamente nova e pendente de explorar. Isto débese en parte ao labor de normalización e divulgación tecnolóxica levado a cabo polo Centro de Dinamización local e tamén, informa o Concello, *"a que en Castrelo máis do 60% da poboación conta con conexión sen fíos gratuíta a Internet, logo de que en 2008 comezase este proxecto municipal, cuxa implantación rematará este mes, chegando ao 90% dos habitantes".*

Entre as actividades incluídas na xuntanza do 27 (motivada como dixemos polo alto número de granxeiros virtuais que alberga este concello do Ribeiro), incluíronse todo tipo de concursos (tanto de explotacións virtuais como de produtos hortícolas reais, co fin de acadar o máximo beneficio dunhas e doutros). Deste xeito, infórmase, "*os máis avezados granxeiros virtuais recibiron de premio os mellores produtos das hortas de Castrelo de Miño, así como as máis selectas conservas que os veciños elaboraron tras participar en diversos cursos convocados durante este ano polo goberno local".*

Dinahosting fai reconto

A empresa saldou 2009 cun medre do 24% e con 14 novos postos de traballo

Redacción

A galega Dinahosting (www.dinahosting.com), case con toda seguridade a firma independente máis salientable de todo o Estado español en materia de dominios e hosting, vén de facer reconto do acadado o ano pasado en materia de medre de negocio e de equipa. Os froitos obtidos, que por unha banda chocan polo contexto de crise no que estamos a vivir e pola outra certifican a vitalidade do sector dixital, sitúan unha cifra de negocio de 4,6 millóns de euros, o que constitúe para a firma galega un incremento do 24%.

Os números, como dixemos, van un pouco contracorrente. En palabras de Dinahosting, supoñen medre en pleno ciclo económico de crise global e, tamén, evidencian a achega de emprego en contra da tónica xeneralizada da regulación. Sobre este último punto, a firma tamén achega cifra: o equipo humano pasou de 48 a 62 profesionais. Asemade, hai datos concretos sobre o investimento de Dinahosting na estratexia de crear servizos e produtos onde non había: iso que chamamos innovación. Segundo conta a compañía compostelá, a achega en I+D incrementouse un 72% en 2009 con respecto a 2008. Estes investimentos supoñen dende 2005 unha cifra total de 1,6 millóns de euros.

Xa nun eido máis concreto, de novidades con nome e obxectivos, a empresa relanzou ao longo destes meses a súa plataforma comercial, ao que cómpre engadir o fornecemento do seu novo panel de control de servizos e unha aposta decidida por contar cun equipo de desenvolvemento propio. Estas estratexias concretas, comentan os responsables da firma, foron en boa medida as culpables do devandito medre a todos os niveis.

A maiores, sinala Dinahosting sobre o subministrado no ano que vimos de deixar atrás, "*cómpre salientar un conxunto de funcionalidades que revolucionan os estándares de seguridade aplicados na maioría dos proxectos en liña; desta maneira máis de 47 mil clientes de 74 países xa poden configurar os seus propios protocolos de seguridade avanzados, con auditorías gratuítas de contrasinais, cartóns de coordenadas para blindar os aspectos máis críticos, accesos restrinxidos por xeolocalización, entre outros*".

Por certo que entre as estratexias que fan posible as cifras de hoxe, Dinahosting tamén inclúe o seu compromiso por unha atención ao cliente o máis directa e próxima posible. En palabras de Alberto de la Morena, director comercial, a empresa deu un chimpo cara a diante considerable neste eido: "*Primeiro, ao habilitar un número de teléfono gratuíto e dispoñible as 24 horas e logo coa incorporación de novas linguas como o éuscaro, que se suma ás xa dispoñibles, galego, castelán e máis catalán*". E prosegue, engadindo máis datos sobre este esforzo a prol da comunicación: "*En Dinahosting falamos dunha forma máis próxima cos nosos usuarios, na súa lingua habitual e sen que teñan que pagar nin un céntimo pola chamada ou polo soporte técnico; é algo que nos fai únicos no mercado de dominios e hosting*".

Para rematar, dicir que as boas cifras acadadas pola empresa con sede en Compostela veñen de atopar unha confirmación salientable nos informes de Webhosting.info, que sitúan á compañía galega como a segunda do sector que máis medra en toda España. A ampliación destes e outros datos podemos atopala xa neste pdf habilitado pola empresa.

E ti de quen vés sendo?

Creado un buscador que permite navegar pola Rede de xeito anónimo

Redacción

O metabuscador Ixquick e a súa marca norteamericana, Startpage (www.startpage.com), sabedores de que moitos internautas non queren deixar ronsel algún das procuras que fan por Internet, veñen de lanzar un novo buscador que oculta o enderezo do usuario que fai a petición, algo que lles permite aos internautas navegar de xeito anónimo por toda a Rede.

Tratase dunha nova oferta que se engade ás xa existentes ofertadas por Startpage, unha empresa nacida en Nova York que arestora é propiedade dunha compañía holandesa.

Con este servizo, o internauta introduce os criterios de procura e Startpage ofrécelle unha listaxe de resultados, aos cales poderá acceder de maneira anónima.

Estes sistemas de navegación anónima (apta para internautas vergonzosos seareiros da pornografía en liña), permiten consultar páxinas sen que o receptor da visita poida identificar a dirección de Internet de onde procede e evitar deste xeito que se amoree información sobre a súa visita.

Segundo vén de informar o voceiro da compañía, Catherine Albrecht, *"os buscadores almacenan moita información sobre os seus visitantes e non hai garantías do emprego que poidan facer da mesma". Tanto é así que, segundo aseguran, "Google rastrexa a orixe das buscas daqueles que manifestan padecer a gripe e comparte esta información coas autoridades sanitarias norteamericanas". "De feito", engaden, "o máximo executivo de Google manifestou que se alguén non quere que se saiba algo que fixo, a mellor maneira de garantir a súa privacidade é non telo feito"*, e agora tamén usar este buscador anónimo.

Porén, o buscador non é a única técnica para acadar unha navegación anónima. Outra forma moi doada é acudir a un sitio intermediario e solicitar a páxina que se quere visitar a través del. O receptor recibirá como dirección solicitante en Internet a do intermediario e non a de quen realiza a petición.

Tamén existen servizos en liña e outros que esixen a descarga comercial dun programa que se instala no ordenador para estes fins.

O buscador facilita esta tarefa e fai máis doadas as procuras segregas pola Rede.

Outro xeito de ler aproxímase

Especialistas reunidos en Pontevedra prevén un futuro moi alentador para o eBook

Redacción

Para quen dubidase sobre a cuestión, non é casualidade que as grandes editoriais galegas elixisen os días previos ao pasado Nadal para dar a coñecer os seus primeiros libros electrónicos. Tivemos ración de Xerais, de Galaxia e antes xa de Edicións da Rotonda e de Luarna (que lanzou Olladas Atlánticas neste formato hai xa un ano). Segundo se conta na Internet e veñen de sinalar participantes na xornada sobre deseño editorial e eBooks celebrada recentemente na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación do Campus de Pontevedra, este que estamos a vivir é o intre sinalado para o afianzamento dunha tecnoloxía e dun paquete tecnoloxico-cultural en concreto: o soporte de lectura do libro electrónico (eReader) e o libro electrónico en si mesmo (eBook).

▲ O profesor Alberto Pena, un dos coordinadores do seminario sobre o libro electrónico

Para os especialistas reunidos nas ditas xornadas, xa non hai volta atrás no que se refire á dixitalización da cultura, está aquí para quedarse, e probablemente con moitas opcións de acadar un beneficioso equilibrio co libro en papel que xa coñecemos.

O que cómpre facer agora, sinalaron, é adaptar o noso negocio e o noso deseño gráfico ao novo contexto, e buscar vieiros para esta adaptación foi, precisamente, o obxectivo principal das devanditas xornadas, organizadas pola Área de Comunicación Audiovisual e Publicidade coa coordinación dos profesores Alberto Pena e Pedro Pablo Gutiérrez. En opinión do primeiro dos mestres, "non se trata unicamente dun cambio de soporte, senón tamén da apertura a novos mecanismos de información, posto que o libro dixital permitirá empregar múltiples ferramentas como ligazóns a webs, procurar palabras en todo o texto, que os apuntamentos a pé de páxina se transformen en xanelas, a inclusión de citas audiovisuais que remitan a un vídeo..., en definitiva, será multidimensional e multimedia".



No transcurso da xornada tamén interviñeron Ángel Sáenz de Cenzano, director de loxística do Grupo Santillana, quen falou do presente e futuro da industria do libro e fixo un repaso polos cambios máis importantes que a irrupción do eBook vai achegar no eido editorial. Neste senso, salientou que se eliminan os atrancos de almacenamento e que a distribución será máis doada e con dispoñibilidade en todo o mundo, o que xunto co aforro de papel abaratará os custes do produto e mesmo o prezo final do libro.

Complementaron a xornada sobre eBook os relatores José Crespo, director de arte de Santillana, que falou dos criterios gráficos, tipográficos e de maquetación no deseño editorial; e Víctor Freixanes, director xeral de Galaxia, que tratou a expansión do libro electrónico en galego e a súa repercusión no negocio editorial en Galicia.

Axuda sanitaria en liña

Máis de 1,2 millóns de persoas benefícianse xa da e-receita no noso país

Redacción

A Consellaría de Sanidade e o Servizo Galego vén de avaliar o acadado en materia de afianzamento da e-receita. Segundo informa o departamento da Xunta, que preto da metade da poboación galega, máis polo miúdo un 46 por cento da nosa cidadanía, pode aproveitarse se o desexa das moitas utilidades que ofrece esta nova ferramenta dixital, implantada en 179 centros de saúde (do total de 483 que hai) das sete áreas sanitarias de Atención Primaria de Galicia.

A implantación de e-receita evolucionou a gran velocidade tamén nas oficinas de farmacia, das que na actualidade están conectadas a este novo sistema un total de 889 (o 68,4% de todas as farmacias) en todo o territorio galego e realizáronse máis de 8,8 millóns de dispensacións de xeito electrónico.

Pero o traballo da Xunta aínda continuará ao longo de todo o ano e neste primeiro semestre de 2010 xa está previsto incorporar 67 novos centros de saúde, quedando implantada a e-receita no 50,9 por cento do total dos centros de saúde, o que beneficiaría ao 68,2 por cento da poboación, chegando case ata case 2 millóns de galegos e galegas que accederán a esta prestación no mes de xuño.

No que respecta ás oficinas de farmacias, a previsión é que no primeiro semestre de 2010 estean operativas con este sistema todas as oficinas de farmacia de Galicia, algo que xa se está a facer, en fase de despregamento, en 68 oficinas, e nos vindeiros seis meses incorporaranse outras 342 oficinas.

As vantaxes da e-receita

A implantación da receita electrónica supón vantaxes para os pacientes que permite que o usuario non precise acudir ao centro de saúde cada vez que teña que solicitar novas receitas dos medicamentos xa prescritos, fundamentalmente nos tratamentos crónicos. Unha vez que o médico xera a prescrición electrónica, os doentes só deben presentar a súa tarxeta sanitaria na oficina de farmacia. Por outra banda, a e-receita implica melloras na calidade asistencial xa que diminúe o número de consultas para renovación de receitas nos centros de saúde. Isto permite aos profesionais sanitarios dispoñer de máis tempo para o diagnóstico e tratamento, desconxestionando as consultas de Atención Primaria.

Este novo sistema supón unha maior seguridade na prescrición, dispensación e uso dos medicamentos, xa que fomenta a comunicación entre médico e farmacéutico e, evita os posibles erros que se puidesen dar no proceso de lectura e interpretación da letra do médico na oficina de farmacia.

Asemade, permite coñecer o historial fármacoterapéutico do paciente, facilita a toma de decisións e incrementa a seguridade no uso dos medicamentos, ao explicitarse os diferentes tratamentos que está seguindo o paciente. Tamén aporta información sobre se a medicación está sendo recollida na farmacia con regularidade.

Ou sexa, a receita electrónica facilita unha xestión máis eficiente dos recursos farmacoterapéuticos e asistenciais, cun aforro directo en tempo para os pacientes, que reducen o número de visitas ao centro de saúde, e para os médicos, que poden dedicar máis tempo para as consultas sanitarias xa que as tarefas administrativas son máis áxiles.

Estas melloras están constatadas xa en áreas sanitarias con elevada implantación da receita electrónica, como o caso da área de Ferrol, onde dende que arrincou o primeiro centro con receita electrónica en xaneiro deste ano e ata o 31 de decembro constátase a diminución de citas administrativas (a maior parte para solicitar receitas). Fronte a isto, obsérvase que se mantén a solicitude de citas de demanda (para consultas de diagnóstico).

O que di o xornal vai a misa

A sociedade galega outorga máis fiabilidade á prensa tradicional cós medios dixitais

Redacción

MundiNova Consultores de Comunicación (www.mundinova.es), empresa con sede en Vigo, vén de publicar un estudo sobre os nosos hábitos á hora de consumir novas (por onde preferimos que cheguen, cales son os temas que máis nos gusta ou nos gustaría ver reflectidos e como nos afecta o cambio de canles e formatos coa chegada da sociedade dixital) que, sen achegar grandes achados sobre a cuestión que máis nos ocupa en Código Cero, a cousa redeira e o moito que tarda en chegar a todas e todos, si que ten interese para que dende os medios dixitais afrontemos o ano novo como unha boa oportunidade para mellorar a nosa imaxe e a nosa credibilidade. Por certo que unha boa parte da culpa desta mala imaxe tena precisamente a prensa off line, emperrenchada dende hai tempo en subliñar o malo da Rede e silenciar o que ten de bo, pero esta é outra historia.

Pois ben, segundo se conta no informe en cuestión (Estudo de opinión da sociedade galega sobre hábitos no uso da prensa), máis do 90% dos cidadáns do noso país opinan que a calidade dos contidos da comunicación tradicional é moi boa, boa ou razoable, e unha boa porcentaxe dos mesmos sostén que son máis fiables cós que chegan por outras canles, incluída a que nos toca de preto: a Rede.

O dato, malia ser curioso, non deixa de ter a súa lóxica: para a sociedade galega, como para outras sociedades, o que se conta na prensa escrita, aínda que sexa unha mentira máis que sospeitosa de selo, debe ser verdade polo simple feito de ter sido publicada. O estudo de Mundinova, elaborado entre xullo e outubro de 2009 entre 200 cidadáns das catro provincias galegas, achega moitos outros datos de interese, como por exemplo as canles de comunicación que preferimos os galegos (a televisión e a prensa escrita, con diferenza sobre as demais), os hábitos por sexos (as mulleres prefiren, nesta orde, a televisión, a prensa escrita e a radio; e os homes a prensa escrita, a televisión e Internet) ou os prognósticos sobre a comunicación que a cidadanía galega achega (prognósticos non moi positivos para os medios dixitais, xa que case a metade dos galegos pensan que estas canles en liña non van substituír aos xornais de toda a vida).

Os medios xerais *desenfundan* primeiro cós blogs: até 2,5 horas antes

Malia que non estea escrito por parte algunha que os blogs teñan que competir cos medios tradicionais no volume e a rapidez da información xerada, hai estatísticas que semellan encamiñadas a facerlle pagar aos primeiros a audiencia en liña que lles rouban aos segundos malia usar material xerado por estes. Así se podería entender o minucioso estudo que presentaron recentemente sobre o eido dixital anglofalante as Universidades de Cornell e Stanford e que, entre outras moitas cousas, delimita con miúda exactitude o tempo que tardan as bitácoras en dar conta dunha nova con respecto aos medios de toda a vida: 2,5 horas máis.

A investigación, froito da análise exhaustiva da corrente cíclica que os datos seguen na actualidade (esculcando frases e palabras que se repiten nuns espazos e outros, ligazóns, comentarios e demais), abrangueu a lectura da nada desprezable cifra de 1,6 millóns de medios dixitais e cadernos persoais de fala inglesa.

Este estudo, que acabou (tal e como se agardaba) reflectido polo miúdo nos xornais máis belixerantes coa competencia dos blogs (e non será casualidade), semella darlle a razón a quen mide o valor da comunicación pola rapidez e a cantidade da mesma, mais non meténdose en temas como a calidade ou o espírito crítico posto en xogo.

Desta maneira, as estatísticas lles son favorables aos medios tradicionais, que a tenor do que se conta no dito estudo son na maioría dos casos os que desenfundan primeiro (cun promedio de 2,5 horas de adianto). Segundo o informe, a porcentaxe de información que se adianta nos cadernos en liña xerando novas que logo chegan ás canles de toda a vida é moito máis reducida: do 3,5%.

As iniciativas dixitais non están soas

www.clusterticgalicia.com

O Clúster TIC de Galicia colleu impulso coa súa primeira asemblea xeral extraordinaria

Redacción

Se a posta en marcha dunha asociación empresarial ten un aquel de movemento lóxico e natural dos seus compoñentes, pensar nun ente que integre as diversas asociacións dun sector e, o que é mellor, a todo o sector, ben pode levarnos a pensar que finalmente a razón foi quen de impoñerse. A cousa aínda se enlea máis, e para mellor, se as diferentes compañías que deciden facer fronte común baixo os mesmos obxectivos teñen entre mans unha boa parte do medre tecnolóxico-dixital dun país, neste caso que nos ocupa o noso.

Todo isto vén a conto para metérmonos en materia no que ao Clúster TIC de Galicia se refire, unha agrupación de agrupacións que se basea en aplicar ao innovador unha das filosofías máis antigas e sinxelas que existe: a unión fai a forza. A pregunta que nos podemos facer é: precisa de verdade o reto de afianzármonos no competitivo mercado internacional das novas tecnoloxías que haxa máis esforzo colectivo de colaboración? A resposta, sen ser doada, podémola ir rastrexando se ollamos a natureza de aquilo no que se traballa, a Rede, unha plataforma que como o seu propio nome indica non está formada por unidade illadas.

O Clúster TIC da nosa terra, que aparece integrado por máis de 100 entidades (entre asociacións profesionais, empresas ou colexios profesionais), estaría destinado igualmente a ser unha imaxe de marca, un punto de referencia que centralice o que até o de agora ficou disgregado en esforzos máis locais. Así se especifica nas súas bases, sendo un dos seus obxectivos básicos o de é coordinar esforzos para o medre da competitividade e a internacionalización, tanto en España como no estranxeiro. Este proceso, que non é novo, terá co afianzamento da agrupación máis terra firme na que coller impulso e, ao mesmo tempo, máis pulo co que afianzar a propia terra.

A día de hoxe, o Clúster non é novo. A súa andaina xa deu comezo hai un tempo, ben como proxecto ben como realidade, chegándose hai uns días a unha data decisiva: a da celebración da súa primeira asemblea xeral extraordinaria, que se saldou (entre outras cousas) coa elección de Rafael Valcarce como presidente. O potencial non é pequeno: o noso sector TIC é un dos máis salientables da economía da nosa terra e conta cun bo número de empresas de renome e cunhas asociacións e colexios de gran experiencia.

Dalgún xeito, o Clúster TIC pon orde nun panorama até o de agora moi fragmentado de iniciativas a prol da promoción e produción das novas tecnoloxías, con todo o que iso (a centralización e coordinación de esforzos) ten de positivo para o resto dos nosos sectores, todos demandantes de produtos TIC en maior ou menor medida. De aí que ao eido empresarial que nos ocupa se lle chame "sector transversal": adiántase cara ao que ten xusto ante os ollos e beneficia igualmente a quen ten á súa beira.

Porén, cómpre desbotar a idea de que se trata dun tecido produtivo homoxéneo. De feito, é probable que nesta variedade de propostas empresarias que aglutina resida en parte a disgregación asociativa da que se xorde. O abano é amplo: hai firmas que se ocupan de desenvolver software e outras de deseñar hardware de todo tipo, sobre todo electrónica para o lecer; pero tamén hai operadores de telefonía, empresas que collen polo vieiro no que se cruzan redes e consultoría e outras que se insiren plenamente no ámbito das telecomunicacións.

A maiores das compañías que acoden a título persoal, intégranse no Clúster as seguintes asociacións de envergadura:

- EGANET (Empresas Galegas Adicadas a Internet e as Novas Tecnoloxías)
- INEO (Asociación Multisectorial de Empresas TIC)
- AETIC-Galicia (Asociación de Empresas TIC de España, Consello de Galicia)
- COETG (Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia)
- AETG (Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Galicia)
- CPEIG (Colexio Profesional de Enxeñería en Informática de Galicia)
- CPETIG (Colexio Profesional de Enxeñería Técnica en Informática de Galicia)
- AGESTIC (Asociación Galega de Empresas TIC)

Un sector a pleno rendemento

A asemblea do 11 de febreiro serviu para elixir ao presidente do Clúster TIC (Rafael Valcarce) e máis ao Comité Estratéxico

Redacción

O Clúster TIC de Galicia hai tempo que deixou atrás a liña de non retorno. A viaxe xa está plenamente en marcha, e o edificio cen por cen constituído. Así quedou constatado tras a Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada este xoves 11 de febreiro en Santiago de Compostela, unha xuntanza que serviu para afianzar posturas, afinar estratexias e, en termos máis concretos, elixir directiva. A asemblea, que usando termos navais supuxo a botadura do barco-Clúster, saldouse coa elección como presidente de Rafael Valcarce Baiget, da firma Arteixo Telecom, quen substitúe neste cargo á presidenta provisional da agrupación durante a constitución da mesma, Beatriz Legerén. O novo responsable do Clúster TIC tivo palabras ao remate da asemblea para resumir os seus obxectivos, que pasan por poñer en valor ao sector TIC galego e impulsar a colaboración entre as empresas e asociacións que integran esta iniciativa tecnolóxica galega, tirando partido da potencia tractora das firmas de meirande tamaño e a axilidade e a capacidade de movementos das máis pequenas. Valcarce, ademais, amosou o seu compromiso firme para traballar a prol do diálogo no sector, tanto interno como cara a fóra, cos restantes sectores produtivos e coas administracións, tanto no eido galego como no que atinxe ao estatal, abranguendo tamén á Unión Europea no camiño de potenciar o I+D+i real das nosas empresas. O Clúster será, ao seu xuízo, unha lanzadeira inmellorable para facer marca en España e en Europa. O novo presidente da agrupación galega tivo palabras tamén para avaliar o estado de saúde do noso tecido TIC, posuidor dun gran potencial pero algo deficitario, a nivel xeral, de actividade concertada e cooperación. O Clúster, sinalou servirá para potenciar as sinerxías, o traballo colectivo e a loita contra a fenda dixital, que hoxe sitúa a Galicia en desvantaxe no que respecta a outras comunidades autónomas ou fronte aos restantes países da Unión Europea.

Nin a asemblea celebrada en Compostela, nin o impulso ao Clúster TIC, nin esta arela de cooperación que lle serve de alicerce son feitos casuais. Coinciden no tempo cunha crise económica que reclama solucións e vieiros de escape, sendo a industria TIC unha das que probablemente máis alternativas poña en xogo. Por dicilo claramente: o sector, sen ser inmune á crise, ten a día de hoxe unha chave para variar o modelo produtivo. Esta coincidencia de factores, lonxe de ser un atranco, confire especial significado ao Clúster TIC de Galicia, un tecido de empresas con capacidade para impulsar o cambio "cara a unha economía baseada na innovación, a produtividade e o valor engadido, creadora de riqueza e de emprego de calidade", sinalou Valcarce.

Perante a Asemblea Xeral Extraordinaria, o novo presidente prometeu, ademais, un mandato sen personalismos, aberto á participación de todos os membros do Clúster TIC. Por certo que de acordo cos estatutos da entidade, este mandato terá unha duración de tres anos. A Asemblea Extraordinaria serviu tamén para elixir os membros do Comité Estratéxico, a composición do cal será a seguinte:

- Víctor López García (AVA Soluciones Tecnológicas, S.L.)
- Iago Soto Mata (Quobis Networks, S.L.)
- María Luz Castro Pena (Factoría de Software e Multimedia (Imaxin), S.L.)
- Miguel Ángel Bugarín Pumar (Visual Publinet, S.L.)
- Sebastián Santiago Area (Ozona Consulting, S.L.)
- Gerardo Crespo Riestra, (Gecreri, S.L.)
- José Antonio Román Jiménez, (Sivsa)
- Juan Carlos Suárez Cebreiros (Level Telecom, S.L.)
- César Blanco Gómez (Academia Postal 3 Vigo, S.L.)
- Constantino Fernández Pico (Altia Consultores, S.L.)
- Gerardo José García Alvela (Sistemas Audiovisuales Itelsis, S.L.)
- José Ramón García González (Blusens Technology)
- Manuel Balseiro López (Coremain, S.L.)
- Antonio Rodríguez del Corral (R Cable y Telecomunicaciones de Galicia, S.A.)
- Santiago Cárdenas Botas (Tecnocom, Telecomunicaciones y Energía, S.A.)

• Javier Grandal Bouza (Arteixo Telecom, S.A.)
• Santiago Rey Requejo (Tredess 2010)
• Beatriz Legerén Lago (EGANET)
• Ramón María Lois Santos (AETIC-Galicia)
• Jorge Cebreiros Arce (INEO)
• Ricardo Fernández Fernández (Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia)
• Jesús Rodríguez Castro (Colexio en Enxeñería de Informática de Galicia)

Máis dun centenar de empresas e asociacións

Máis dun centenar de firmas e asociacións constitúen o Clúster TIC Galicia, que pretende contribuír a potenciar a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no sector empresarial da Sociedade da Información. Ten como obxectivo desenvolver o potencial investigador, xerar coñecemento e formar capital humano cualificado neste tecido produtivo da nosa terra. Dentro do Clúster intégranse, amais de empresas, agrupacións como EGANET (Empresas Galegas Adicadas a Internet e as Novas Tecnoloxías), INEO (Asociación Multisectorial de Empresas TIC), AETIC-Galicia (Asociación de Empresas de Electrónica, Tecnoloxías da Información e Telecomunicacións de España, Consello territorial de Galicia), COETG (Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia) e CPEI (Colexio Profesional de Enxeñería en Informática de Galicia).

Obxectivos estratéxicos do Clúster

• O Clúster non debe ser unha asociación máis que compita coas outras asociacións xa existentes.
• Non debe ser unha federación de asociacións.
• Fomentará a especialización das asociacións existentes.
• O Clúster debe integrar tódalas pezas da cadea de valor das TIC: do investimento inicial e a I+D até a mellora da xestión comercial das empresas ou o papel a despregar pola administración.

Traxectoria do novo presidente

Nacido en Ourense en 1952

Cargos actuais:

• Presidente do consello de administración e director xeral de Arteixo Telecom
• Presidente do consello de administración de Shut Nave
• Patrono da Fundación Gradiant
• Vicepresidente de Ineo
• Presidente do Consello Territorial de AETIC
• Ex secretario da Comisión Xestora do Clúster TIC, pasando o 11 de febreiro a ocupar o cargo de presidente desta entidade empresarial na súa Asemblea Extraordinaria.

Formación académica

• Arquitecto técnico pola Universidade de Madrid e técnico de Inspección Inmobiliaria do Ministerio de Economía.
• Diplomado en Urbanismo polas universidades de Madrid, Barcelona, Canarias e A Coruña, así como en Pedagoxía, Déficit Público e Presión Fiscal
• Máster en Dirección de Empresas e Márketing pola Escola Europea de Negocios

Traxectoria profesional

• Deputado do Parlamento de Galicia na súa segunda Lexislatura
• Secretario e voceiro da Comisión Mixta de Transferencias entre a Xunta e o Goberno central
• Director xeral de Medios da Xunta
• Asesor especial do vicepresidente da Xunta e de dous conselleiros de Industria
• Observador internacional en Chile
• Responsable xunto a Honorato López Isla do Centro de Servizos Avanzados de Telecomunicacións de Galicia
• Membro do Consello Galego de Telecomunicacións e do Audiovisual
• Presidente de Arteixo Telecom (cargo que desenvolve na actualidade)
• Vicepresidente da Asociación Nacional de Fabricantes de Material Ferroviario
• Articulista, comunicador e comentarista de opinión

O apoio de Ineo

A asociación empresarial con sede en Vigo participará na elección do equipo directivo do Clúster TIC

Redacción

A asociación Ineo participou activamente no desenvolvemento do Clúster, incluída a súa formalización e as diferentes tomas de contacto que culminaron na asemblea xeral ordinaria do mes de xaneiro e na reunión extraordinaria do 11 de febreiro. A agrupación Ineo comparte intereses e obxectivos co Clúster: o seu traballo a prol da coordinación de esforzos colectivos e de facer fronte común arredor da innovación galega xa vén de anos atrás.

Ineo é un dos referentes do sector TIC en Galicia. Está integrada por máis de 80 empresas de acreditada experiencia que traballan no sector TIC nas áreas de actividade de Hardware, Software, Redes e Telecomunicacions, Internet e Contidos, Formación TIC e Consultadoría TIC. A facturación das empresas asociadas a Ineo supera os 250 millones de euros e todas elas dan emprego a arredor de 3.300 profesionais.

A palabra Ineo provén do latín e significa *"emprender un camiño", "comenzar a", "facer alianza", "formar un proxecto"*.

A asociación nace da necesidade de desenvolver o tecido asociativo como elemento clave para competir nunha economía global, dotar o sistema productivo das TIC de infraestructura e recursos propios, fomentar entre as empresas a innovación baseada no uso das tecnoloxías, desenvolver obxetivos de cooperación que impulsen as capacidades das firmas e favorecer a expansión e implantación de produtos e servizos baseados nas TIC, entre outros.

O interese por este sistema productivo está xustificado pola importancia estratéxica que adquiriu no ámbito xeral e rexional. O rápido desenvolvemento do negocio, a constante aparición de novos produtos ou o valor engadido do que gozan a maioría das empresas que desenvolven estas actividades, son algunhas das características que fan que sexa un sector presente en moitos dos plans promovidos pola Administración.

Neste caso, cómpre ter en conta tamén a influencia no resto dos sectores tradicionais aos que a imparable transformación da denominada sociedad da información, obrigaa a implantación progresiva destas novas tecnoloxías nos seus produtos, servizos e procesos.

No caso particular de Galicia hai un aspecto de relevancia que é o feito de que a situación periférica da nosa terra non é neste caso unha barreira de entrada nin un custe adicional para os negocios que, gozando de certos marxes ao seu favor nos custes da man de obra, poden acceder aos mercados e aos clientes prácticamente nas mesmas condicións que as empresas situadas en rexións máis próximas aos grandes mercados.

Entre os proxectos recentes de Ineo salientamos os seguintes: a Guía de Solucións TIC (ferramenta que axuda ás empresas de calquera sector a diagnosticar as súas necesidades e segundo iso a coñecer as solucións TIC que pode achegar), Guías Sectoriais (manuais específicos das mellores solucións tecnolóxicas para cada un dos sectores), o portal webRenovaciontecnologica.com (posto en marcha con Caixanova, supón un subministro de ofertas de servizos ás empresas, unha guía para aclarar dúbidas e unha achega de apoio especializado por parte de profesionais TIC).

O labor de Ineo a prol da innovación materialízase, entre outras cousas, co seu apoio a plataformas tecnolóxicas como Vindeira, Ines, e-ISI ou e-MOV. Asemade, a asociación traballou na posta en marcha de Gradiant, un dos nosos centros de I+D máis activos.

Presidida por Jorge Cebreiros e contando con Lucía Gregorio no cargo de directora xeral, Ineo avogou recentemente (con motivo da presentación do plan TIC da Xunta) por fortalecer e defender o capital humano das empresas galegas cara aos cambios que imprimen os produtos e servizos cos que se traballa no sector. Neste senso, Ineo aposta por unha formación continua e un acceso pleno ao coñecemento das universidades e os centros tecnolóxicos. Asemade, a asociación anunciou que traballará para afianzar unha colaboración empresarial aínda maior, a fin de contas a clave (a colaboración) para estar no mercado globalizado.

Os colexios profesionais comprométense a velar polo futuro da agrupación

Redacción

Coa garantía do CPEIG

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) participa como socio fundador do Clúster TIC. Esta agrupación empresarial é o sétimo clúster galego, logo de outros xa postos en marcha para os sectores da automoción, a madeira, o naval, o audiovisual, a acuicultura e o produto gráfico. Os enxeñeiros en Informática tamén concorreron en todas as tomas de contacto e xuntanzas que serviron para darlle corpo á agrupación e determinar as estratexias e obxectivos. Para o Colexio de Enxeñeiros, estes intres de despegue definitivo do Clúster son decisivos para o desenvolvemento da nosa terra en materia de redes de coñecemento, un terreo competitivo onde non hai cabida para a imitación do xa existente, de aí que sexa máis preciso ca nunca afianzar as nosas ligazóns arredor da cuestión innovadora.

O CPEIG é un colexio profesional especialmente activo na defensa dos intereses dos seus colexiados e, por extensión, de todo o que teña que ver co fortalecemento da nosa economía e da nosa sociedade pola vía das canles informáticas. Con sede en Santiago e con 300 asociados ata o momento, a directiva do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia constitúena: Fernando Suárez Lorenzo, presidente; Hernán Vila Pérez, vicepresidente; Juan Antonio Valiño García, secretario; María Pilar Dolores Quiñoá López, tesoureira; Ángel Fernández Gándara, vicesecretario; Xosé Antón Campos Silva, vicetesoureiro; Ramón Paz Buján, vogal 1; Miguel Ángel Molinero Álvarez, vogal 2; Eva Marcos Doldán, vogal 3; e Francisco Bago Castro, vogal 4.

A web do Colexio é www.cpeig.org.

Co apoio dos enxeñeiros de Telecomunicacións

O Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Galicia (COETG) amosou dende o comezo do proxecto o seu total apoio ao Clúster TIC e aos seus obxectivos, que non só pasan por preparar un espazo de traballo firme e proveitoso para a profesión, senón tamén polo desenvolvemento tecnolóxico-dixital de noso país por enteiro. Os enxeñeiros galegos chegaron ao proxecto de xeito dobre: como colexio profesional en calidade de membro da comisión promotora (COETG) e como asociación (AETG), en calidade de socia fundadora. A comezos deste ano tamén participaron de xeito activo na súa primeira asemblea xeral ordinaria, que tivo feitura informativa e que serviu entre outras cousas para ratificar a adhesión de 75 entidades, entre asociacións empresariais e profesionais, colexios oficiais e outras empresas.

Por certo que foi xusto nesta xuntanza onde a AETG (a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Galicia, entidade irmá do COETG) formalizou a súa integración como membro adherido ao Clúster. Os obxectivos das dúas entidades profesionais galegas son os seguintes: apoiar, afianzar e desenvolver estratexias coordinadas coas outras plataformas para promover o uso e o deseño en Galicia de novas tecnoloxías da información, fomentando a innovación baseada na xestión do coñecemento e máis o espallamento dos novos servizos creados ao abeiro das TIC. Máis en www.aetg.org.

O CPETIG, membro fundador

O Clúster das Tecnoloxías da Información e Comunicacións (TIC) de Galicia contou dende o comezo co firme apoio do Colexio Profesional de Enxeñeiros Técnicos en Informática de Galicia (CPETIG). Para esta entidade, o valor do proxecto mídese en boa medida a través das cifras que move o sector na economía galega, o 2,15% do noso valor engadido bruto total, e amosando un nivel de emprego que foi quen de medrar en 2007 nunha porcentaxe do 28,5%, ao pasar dos 11.900 traballadores do ano anterior aos 15.300 cos que comezou 2008. A presenza do CPETIG como membro fundador nesta agrupación forma parte dunha das liñas estratéxicas da xunta de goberno do Colexio para afianzar e facer presente, entre outros puntos, a voz dos seus colexiados neste foro único. Así explicaba o apoio á iniciativa a primeira presidenta do Colexio, Leticia Diz, nunha entrevista co noso medio: "*Formaremos parte deste Clúster TIC como socios fundadores e é a nosa intención participar activamente a través dos distintos grupos de traballo que nel se van a constituír e entre os que se hai equipos temáticos como observatorios, TIC e pemes, sociedade dixital, etc*". O CPETIG, corporación de dereito público que abrangue e representa a enxeñeiros de grao medio en Informática, celebrou recentemente unha xunta electoral que serviu, entre outras cousas, para constituír unha nova directiva. A día de hoxe, o goberno do Colexio estaría encabezado por Marcos Mata (presidente), Miguel Abal (vicepresidente) e Francisco Rodríguez (secretario).

A web do colexio é www.cpetig.org/blog.

▲ Fernando Suárez, presidente do CPEIG

O parón finalmente chegou

As empresas piden medidas urxentes das administracións para frear a chegada da crise ao sector dixital

Redacción

Malia ser un dos sectores que máis viña resistindo os golpes da crise produtiva mundial, e mesmo medrando a forza de resistir, pódese dicir que nin sequera o eido dixital pode ficar á marxe dun proceso que a fin de contas é unha adaptación aos labores humanos dos sistemas de equilibrio natural: o que lle afecta a unhas especies, aféctalle á larga a todo o ecosistema. Así o reflicte o Informe ASIMELEC 2009 e así nolo fai saber a Asociación Galega de Empresas TIC (AGESTIC), unha das plataformas que máis veñen loitando a nivel estatal por promover a coordinación empresarial de esforzos de cara a superar o que xa estamos a vivir: o estreitamento de posibilidades de medre (disto, de afianzar alianzas na nosa terra, é do que trata o Clúster TIC que chegou o 11 de febreiro á súa nova asemblea extraordinaria e que contou co firme apoio de AGESTIC). Segundo fai saber a asociación galega, é certo que a crise tardou chegar, pero non hai dúbida xa de que chegou, e non por esta tardanza está a ser menos virulenta, di o presidente da plataforma empresarial, José María López Bourio, quen lle solicita á Xunta e ás demais administracións medidas para a reactivación do sector galego, ao que cualifica de "motor do cambio do modelo económico".

Os sinais, apunta, son máis que inequívocos: as previsións económicas que esta asociación tiña para 2009 foron cara a baixo, *"xa que o mercado non respondeu de maneira axeitada e en Galicia comeza tamén a percibirse a crise no sector das TIC"*. Segundo datos achegados pola industria, o sector a nivel estatal pecha 2009 cunha caída global do 8%, que nalgúns subsectores como o do subministro de equipos acada o 20%, o que se debe principalmente a tres grandes motivos, a xuízo de ASIMELEC:

- Os recortes orzamentarios das administracións públicas.
- A baixada no investimento das empresas nestas tecnoloxías.
- A caída no consumo privado.

Estes e outros factores, sinala AGESTIC, non deixan moita marxe para o optimismo de cara ao presente e o futuro próximo, tendo en conta onde remataron as previsións empresariais de hai un ano, cando non se albergaban apenas dúbidas da capacidade de resistencia e medre do sector TIC, e todo isto no máis cru dunha crise económica xeral. *"Agora a crise vense de transformar nunha fonda preocupación paras empresas TIC galegas"*, sinala Bourio, ao que engade, facendo referencia ao que está por vir: *"O ano que comeza ten tamén un cariz crítico, calculándose dentro das previsións máis optimistas unha perda de negocio do 2,5% para o tecido produtivo tecnolóxico-dixital este ano en España, taxa tamén aplicable para Galicia"*.

Por estes motivos, para AGESTIC é hora de que a Xunta actúe, fomentando o desenvolvemento da Sociedade da Información e tódolos seus elementos integrantes, os piares da mellora futura da produtividade, a innovación, a calidade de vida e mesmo o alicerce do desenvolvemento dun modelo económico sostible. *"Sen un sector TIC forte é complicado que avancemos cara ao cambio de modelo económico que precisamos"*, apunta José Manuel Bourio, que tamén reclama o esforzo das restantes administracións, a Central e máis as locais, para acometer todo tipo de accións urxentes para que a nosa economía poida verse beneficiada polas vantaxes das TIC.

Sobre AGESTIC

AGESTIC é unha organización empresarial que agrupa con carácter voluntario a empresas do sector das tecnoloxías da información con ámbito de actuación na Comunidade Autónoma de Galicia. Foi constituída en de decembro de 2003 entre os seus fins fundamentais atopamos os de promover o emprego das novas ferramentas da comunicación na sociedade galega (obxectivo que se materializa a través de todo tipo de xornadas e iniciativas de divulgación), fortalecer ao sector tecnolóxico-dixital (o apoio ao Clúster TIC é un exemplo disto) e traballar a prol da accesibilidade total á Sociedade do Coñecemento (con propostas como o Camiño dos Satélites, un programa que tira proveito do itinerario xacobeo para poñer de manifesto as vantaxes sociais das TIC de cara a persoas en risco de exclusión).

As asociacións empresariais pechan fileiras arredor do Clúster TIC

Redacción

A achega de EGANET

EGANET (Asociación de Empresas Galegas Adicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías), que conta a día de hoxe con medio cento de firmas adheridas, vén levando a cabo durante os últimos meses xornadas informativas sobre o Clúster TIC e os seus obxectivos encamiñadas (entre outras cousas) a permitir que as empresas da asociación tiveran acceso ao comité estratéxico que se formalizou este 11 de febreiro. Un destes encontros desenvolveuse hai ben pouco no auditorio do Centro On de Caixa Galicia en Santiago, onde a directiva de EGANET afondou na estrutura do Clúster e na composición dos órganos de dirección que se elixiron nesta asemblea do 11 de febreiro, da que informamos polo miúdo na primeira páxina deste especial. Polo que respecta ao papel que vén xogando EGANET ao longo destes anos no noso tecido TIC, sinalar que foi posta en marcha no ano 2000 co obxectivo de aglutinar ás empresas que representan o corazón das TIC. Unha das finalidades da asociación, e que asume tamén o Clúster, é defender os intereses das empresas e profesionais que desenvolven a súa actividade empresarial neste ámbito. Con sede recentemente estreada no centro de Santiago, na rúa Pérez Constanti, EGANET caracterízase pola independencia e por unha actividade que dá acubillo a todo tipo de propostas. "Somos unha asociación reivindicativa baseada na defensa do libre mercado que dá servizos ás empresas asociadas e que traballamos para lograr a adaptación da cidadanía ao uso das novas tecnoloxías, como ferramenta de mellora ante a competitividade, en sectores empresariais e máis no desenvolvemento individual. Traballamos pola integración tecnolóxica dos colectivos menos favorecidos e defendemos e potenciamos a presenza da muller nas TIC", sinala.

Por certo que a súa presidenta, Beatriz Legerén, foi ao longo destas semanas recentes a responsable provisional do Clúster TIC: da súa coordinación e do seu desenvolvemento.

ASIMELEC Galicia aposta pola independencia

Na súa primeira reunión logo da súa posta en marcha o pasado mes de xullo, o Consello Territorial de ASIMELEC acordou abrir negociacións sobre o Clúster TIC con todas as asociacións, colexios profesionais e empresas do sector para partir dende cero en canto a estatutos, fins, obxectivos e representación.

ASIMELEC Galicia, co apoio da Asociación Galega de Empresas TIC-AGESTIC e a Asociación Galega de Instaladores de Telecomunicacións –AGEINTE-, traballou estes meses sobre o modelo dun Clúster TIC aberto a todas as empresas e institucións galegas do sector tecnolóxico, independentemente do seu tamaño ou do seu poder económico, un Clúster, segundo afirman, *"democrático e independente e construído dende cero polos propios intereses do conxunto sectorial"*.

O Consello Territorial da devandita entidade agrupa, xunto coas asociación mencionadas, a máis de 450 empresas, un 60 por cento de todo o sector TIC galego e fixo este ofrecemento en condicións, din, *"de igualdade negociadora"*, aos colexios profesionais e asociacións, poñendo como única condición que o Clúster naza *"de abaixo a arriba"*, pasando páxina sobre a etapa anterior, ao mesmo tempo que solicita da Secretaria Xeral de Modernización que actúe como *"arbitro"* do proceso negociador.

Amais, o Consello nomeou a José María López Bourio como vicepresidente executivo e de Sonia Rábade como secretaria xeral, que apoiaron as tarefas de dirección do presidente de ASIMELEC Galicia, José Ramón García da empresa Blu:sens.

José Ramón García, presidente de Blusens e de ASIMELEC Galicia

AETIC: o camiño é dixital

A división galega da Asociación de Empresas TIC (AETIC) forma parte dende o comezo do equipo que fixo posible a posta en marcha do Clúster que está a piques de obter o seu pulo definitivo. O Consello Territorial da dita asociación na nosa terra está encabezado por Rafael Valcarce (presidente e voceiro dante a xunta directiva), Ramón Lois e Antonio Rodríguez del Corral (vicepresidentes) e Montserrat Pardo (secretaria). Sinalar que AETIC é unha entidade empresarial española que conta arestora cuns 3.000 asociados, dos que 300 son empresas individuais e o resto agrupacións, todas inseridas no eido da electrónica, as tecnoloxías da información e as telecomunicacións.

Os grandes obxectivos de AETIC son a promoción do desenvolvemento dos devanditos eidos de actividade, afianzando as raizames da Sociedade da Información en España. As empresas e colectivos da asociación xeran un valor de mercado equivalente a máis de 100.000 millóns de euros. AETIC está integrada por unha serie de consellos territoriais que serven de centros de desenvolvemento e colaboración por comunidades. A división galega, precisamente, apostou por esta liña do traballo en mancomún no seu apoio ao Clúster TIC. Entre as actividades levadas a cabo por AETIC Galicia cómpre salientar tamén o programa de promoción empresarial A solución é dixital, un manifesto que se deu a coñecer, entre outros emprazamentos, no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (en Santiago) e que xurdiu co obxectivo de sentar os alicerces para cambiar o modelo económico cara ao da Sociedade da Información, tirando proveito do intre de crise polo que estamos a pasar. No acto estivo presente Jesús Banegas, presidente de AETIC en España, quen fixo fincapé na súa intención de *"mover aos cidadáns dende o temor até a esperanza, da mans das novas tecnoloxías da información"*, cousa posible, engadiu, se *"investimos en infraestruturas das telecomunicacións fixas e móbiles, en equipamentos mellores nos nosos fogares e no impulso da oferta nacional de tecnoloxía e contidos"*.

Rafael Valcarce, presidente de AETIC Galicia e director xeral de Arteixo Telecom

"O Clúster TIC é o instrumento que precisaba o sector para consolidarse no mundo"

MAR PEREIRA

Falamos da alianza do tecido dixital galego coa secretaria xeral de Modernización, Mar Pereira

"Non debemos falar duna asociación de asociacións. O Clúster debe ser representativo de todo o sector"

O Clúster TIC de Galicia ten un potencial que cómpre coidar, dirixir e coordinar. A día de hoxe, a agrupación está aínda nos seus primeiros pasos, cos órganos de goberno xa constituídos pero cunha folla de ruta en perfeccionamento. Sábese o fundamental, pero o específico está por detallar. En xogo está un proceso que xa comezou e que agardamos acade novo azos: unha frutífera viaxe do sector TIC galego polo mundo, sen límite de estancia e con liberdade de movementos. Amais das empresas, das asociacións e dos colexios profesionais, o Clúster conta coa axuda da Secretaría Xeral de Modernización, que cualifica a iniciativa de *"instrumento fundamental para a consolidación do sector TIC en tódolos mercados"*. Para Mar Pereira, responsable do devandito departamento, é fundamental que o Clúster sexa representativo. Esta vontade de non deixar a ninguén fóra será ao seu xuízo unha das claves do éxito: aglutinar e representar ao noso tecido empresarial tecnolóxico-dixital.

-Que é o que queda por facer para que bote a andar definitivamente o Clúster TIC? Sabemos que o labor a desenvolver xa está coordinado, pero podemos dicir que xa se está a traballar para a internacionalización do noso sector TIC?

-O Clúster vai a bo paso. Xa se celebrou a primeira asemblea informativa do proceso de constitución e da situación actual do Clúster. O día 11 desenvolveuse a segunda asemblea para a elección do cargo da presidencia, que foi dar a Rafael Valcarce, e máis o Comité Estratéxico. Unha vez constituídos os principais órganos de goberno é o momento de definir a súa estratexia para que realmente o Clúster sexa ese instrumento que necesita o sector TIC galego para consolidarse, non só na nosa terra, senón tamén para converterse nunha referencia fóra dela. O Clúster será útil para o acceso a novos mercados - a empresa galega está tecnicamente moi preparada- pero precisa mellorar a nivel comercial; potenciarase o I+D (coa a integración da Plataforma Vindeira como a ferramenta de I+D do clúster) o que permitirá que se recollan os froitos das accións de investigación que estiveron desenvolvéndose nestes últimos años.

-O sector dixital e informático galego é un sector ben definido e á vez moi dispar, con moitos eidos de actividade que se complementan: dende o deseño de novo software ata a fabricación de aparellos dixitais, pasando pola achega de acceso ás redes ou servizos de consultoría. Vai ser doado coordinar os intereses de tanta xente tan distinta? Cal vai ser a clave disto?

-Precisamente, a diversidade de eidos de acción das diferentes empresas que integran este sector é absolutamente representativo de que as Tecnoloxías da Información e a Comunicación están presen-

tes en moitos ámbitos da sociedade. As TIC non só se incorporan aos diferentes sectores produtivos, senón tamén á nosa vida cotiá, nas formas de gozar do lecer e de relacionármonos e, por suposto, tamén están a mudar o xeito de prestar servizos públicos por parte das administracións. Polo tanto, para achegar produtos e servizos tecnolóxicos ás mans do consumidor final, é imprescindible que se integren todos os elos da cadea de valor: empresas que saben de telecomunicacións, de desenvolvemento software, fabricantes de hardware e de electrónica, de consultoría, de subministro e soporte de equipamento,... poñendo ao servizo da sociedade o que cada un sabe facer mellor para construír o que o mercado demanda.

-Que papel desenvolve a Xunta, e neste caso a Secretaría Xeral de Modernización, na posta en marcha e no mantemento desta asociación de asociacións?

-Non debemos falar duna asociación de asociacións. O Clúster debe ser representativo de todo o sector e, por suposto, debe ser un instrumento ao servizo dos empresarios potenciando unha cooperación estable e o desenvolvemento de alianzas estratéxicas que melloren a capacidade de competir nun mercado global. A Xunta de Galicia, a través desta Secretaría Xeral xa transmitiu a todo o sector que un Clúster TIC potente que aglutine e represente ao sector galego será o instrumento chave para mellorar o posicionamento deste sector empresarial no mercado e desenvolver proxectos de maior dimensión.

-En que medida se axusta o nacemento da agrupación co plan de desenvolvemento TIC que vostede impulsa dende a Secretaría Xeral? Están en sintonía?

-A estratexia de desenvolvemento das TIC en Galicia, susténtase nunha firme convicción de cooperación e unión de esforzos, entendemos que este é o espírito do Clúster TIC e polo tanto será o instrumento de diálogo e contacto permanente co empresariado galego facéndoo partícipe das políticas públicas que está a impulsar o Goberno galego.

-Amais do respaldo económico e xurídico, que outros beneficios pode achegar o feito de pertencer a este Clúster TIC?

-Partindo da atomización que caracteriza ao sector empresarial TIC galego, a cooperación estable e complementaria entre empresas permitirá abordar proxectos de maior entidade e con maior capacidade competitiva. Temos tamén que conseguir que as empresas de dimensións mais relevantes xoguen un papel de dinamización e impulso a proxectos tractores e innovadores potenciando a colaboración con outros sectores produtivos de xeito que demos resposta activa a novas demandas do mercado. O Goberno galego está a impulsar unhas políticas públicas que non só aumentarán o recoñecemento e valoración das actividades TIC, senón que impulsará a realización de proxectos estratéxicos de modernización no noso territorio que serán unha excelente oportunidade para aplicar todo o potencial innovador do no sector empresarial.

Falar co Clúster será falar co sector

A secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, Mar Pereira, mantivo recentemente unha primeira reunión de traballo coa comisión xestora do Clúster TIC de Galicia no transcurso da cal lle foron expostas as futuras liñas de actuación con vistas a converter esta agrupación no punto de referencia ineludible dentro do sector dixital e tecnolóxico do país. Neste sentido, Mar Pereira aproveitou a ocasión para ofrecerlles aos representantes do Clúster o "máximo apoio da Xunta" co obxectivo de darlle un pulo a esta iniciativa que busca "ser un instrumento de interlocución da Administración Pública có sector TIC, ata o punto de que falar co Clúster será falar co sector".

A xuntanza mantida a finas do pasado mes de setembro supuxo un paso máis para avanzar no obxectivo do Clúster de consolidarse como interlocutor da Xunta co empresariado do sector no que se refire ás políticas tecnolóxicas. Neste senso, Mar Pereira amosoulles a súa convicción de que unha cooperación ben estruturada é un dos instrumentos fundamentais para mellorar a competitividade nas empresas e pór en marcha novos proxectos, especialmente nas pequenas e medianas empresas.

Para que todo isto se fose materializando, na reunión concluíronse os pasos necesarios a dar nos días seguintes, e que pasaron por convocar a asemblea xeral e as eleccións para os órganos de dirección, eleccións que precisamente se levaron a cabo este xoves 11 de febreiro.

Co cumprimento destes prazos, neste ano que vén de comezar poderanse trazar xa as liñas estratéxicas do Clúster TIC de Galicia que se encamiñan (entre outras cousas) a potenciar as accións de desenvolvemento das empresas, xerar mercados de alianzas que eleven o nivel competitivo dos produtos e servizos galegos nos mercados estatais e internacionais, establecer convenios de financiamento, favorecer o desenvolvemento tecnolóxico, optimizar as infraestruturas, representar ao sector TIC galego e promover o asociacionismo empresarial.

▲ **Representantes do Clúster TIC nunha reunión recente coa secretaria xeral de Modernización, á esquerda da imaxe**

A Internet que te inclúe

TADEGA mobilízase na Rede a prol dun equipamento tecnolóxico non discriminatorio para os nenos galegos

Fernando Sarasqueta

Cómpre recuperar de cando en vez a idea de novas tecnoloxías da información como canles de acceso ou ben como vías de tránsito. De facelo así estaremos en situación de entender un pouco mellor o seguinte: a maior parte do que se desenvolve hoxe nos eidos de hardware, software e servizos en liña só ten en conta á maioría, deixando de lado a un amplo colectivo de persoas con diversidade funcional que teñen os mesmos dereitos fundamentais de acceso ao coñecemento cós demais. A loita contra a discriminación tecnolóxico é un dos grandes obxectivos de **TADEGA** (Tecnoloxías de Atención á Diversidade na Educación Galega), colectivo-foro que leva anos esculcando de preto o que de positivo e negativo teñen as diferentes solucións dixitais para cuestións como a discapacidade, a multiculturalidade, os nosos maiores, o eido rural ou a marxinalidade social.

> A loita contra a discriminación do tecnolóxico é un dos grandes obxectivos de TADEGA

Pois ben, a asociación galega está estes días a redobrar os seus esforzos no vieiro de garantir a mínima discriminación no noso eido educativo, a xuízo do foro ameazado polo proxecto Abalar, iniciativa para afianzar as canles da información nos colexios e institutos da nosa terra e que entre outras cousas inclúe a achega de 87.400 portátiles para o alumnado galego nun prazo de catro anos.

Para o foro galego, formado por un importante número de profesionais ligados á Educación e á atención á diversidade, é fundamental que se asegure que os ordenadores de Abalar (Escola 2.0) teñan en conta polo miúdo as características e necesidades de todo o alumnado, de aí que o colectivo lanzara xa unha campaña-enquisa dende a web **www.tadega.net** para recoller entre a comunidade internauta a máxima cantidade de información sobre as preferencias e os intereses dos profesionais galegos da educación, os pais, os propios estudantes e a nosa sociedade en xeral.

A enquisa, que inclúe cuestións sobre o que se debería facer cos ordenadores ou o que terían que incluír por defecto estes equipos, preséntase deste xeito: *"O proxecto Abalar - Escuela 2.0, vai repartir ordenadores ou netbooks aos alumnos, pero, alguén pensou nas características que deberían ter? E para alumnos con necesidades específicas e xa que o ordenador lles suporá tecnoloxía de apoio, serán iguais? Axúdanos a responder todas estas dúbidas e así facer unha proposta seria e partindo da realidade".*

Para TADEGA, é unha realidade que as TIC (novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación) veñen sendo unha nova ferramenta á vez que medios de comunicación múltiples e, no lugar de axudar á integración de todos, aínda incrementan a segregación de quen non pode acceder a elas por causa dos *"deficientes e discriminatorios deseños".*

▲ **A camiseta de TADEGA en plena viaxe, vista por Belén.**

Xornadas sobre tecnoloxía accesible para todas e todos

As redes da información e os seus diferentes compoñentes, podémolo ver todos os días, achegan todo ou nada. Todo para quen pode empregalas e ten o coñecemento para iso e nada para quen ten unhas características físicas ou psíquicas diferentes aos do común da sociedade, ou ben non dispón dos datos e a formación precisos para estar en liña. Dito doutro xeito: as redes da información, senón se remedia, poden converterse en redes de discriminación. Na liña de evitalo é onde se insire o traballo de TADEGA, que anuncia a posta en marcha con EGANET das cuartas Xornadas TADEGA, a celebrar no Pazo da Cultura de Pontevedra os días 26 e 27 de febreiro.

▲ **Traballando co Go Talk dende TADEGA.**

Os encontros, que veñen acompañados do epígrafe Competencia dixital na atención á diversidade, contarán (entre outros especialistas TIC-accesibilidade) coa presenza de Daniel Cerquerio, directivo de EGANET, quen se encargará de moderar nestas sesións (dirixidas sobre todo á comunidade educativa galega) a mesa redonda Tecnoloxías accesibles galegas.

Por certo que nesta mesa afondarase en iniciativas como o Proxecto IN-TIC (do Centro de Informática Médica da Universidade da Coruña, encamíñase a favorecer o acceso ás canles do coñecemento das persoas maiores ou con diversidade funcional), o Teclado TIC TAC (de Fátima María García Doval, trátase dun teclado virtual para persoas con diversidade funcional que non están en situación de empregar teclados convencionais), o iDigital Box de InfoJC (aplicación de xestión de servizos multimedia avanzados para persoas con problemas de autonomía persoal) e o Ubuntu para persoas maiores (de Xulio Fernández Hermida, consiste nunha distribución libre para persoas que empregan decote o computador, tan sinxela de usar coma un televisor ou un teléfono).

Cando o dixital é un luxo

Ourense sitúase entre os núcleos urbanos con menos accesos á Rede do Estado

Redacción

Por moito que se diga dende as administracións (central, autonómica e locais), a Rede ten raizames pouco fondas en amplas áreas da nosa xeografía. A culpa disto habería que rastrexala en moitos factores, dividindo o peso da responsabilidade entre a iniciativa das empresas (algunhas delas pouco activas para levar accesos a onde –opinan- que non hai demanda e activas á hora de encarecer os existentes) e o alcance das iniciativas públicas postoa en marcha dende institucións de todo tipo (incapaces de solucionar de xeito definitivo a falta de cobertura). Pois ben, por estes e outros motivos o panorama galego semella que non dá tirado abaixo estes atrancos de cara á súa plena inclusión na Rede, e non só o que consideramos eido rural, senón tamén as cidades. Isto é o que lle acontece por exemplo a Ourense, que segundo estudos achegados por investigadores do seu Campus, sitúase arestora no vagón de cola en equipamento e en dispoñibilidade de acceso a Internet.

Os datos, incluídos no *Estudo do impacto da fenda dixital no Concello de Ourense*, foron dados a coñecer recentemente polos autores deste informe, membros da área de coñecemento de Estatística e Investigación Operativa ligados á ESEI e á Facultade de Empresariais.

O traballo, sinala a Universidade de Vigo na súa web, revela que nunha clasificación entre as capitais de provincia do Estado español, Ourense emprázase no último terzo, tanto en infraestrutura como en conectividade e cobertura de Rede. E isto, engadiron os autores do informe, "entendendo a fenda dixital como o acceso desigual das persoas á tecnoloxía dixital, un atranco para acceder á información e a educación mediante as novas tecnoloxías da información". Por certo que o informe desenvolveuse sobre a base de 470 enquisas levadas a cabo en dúas semanas entre individuos de 16 anos ou máis residentes dentro do concello. O primeiro paso, explicaron, foi avaliar o perfil das vivendas, a distribución das idades dos membros nos fogares ourensáns. A continuación centráronse no equipamento tecnolóxico no fogar dirixido para ser empregado cunha conexión á Rede, estimando que só un 52,55% dos domicilios dispoñen dun dispositivo electrónico co que acceder á Internet, fronte á media de 62,3% dos fogares galegos. Segundo Tomás Cotos, membro do equipo responsable da investigación, *"este dato pon de manifesto unha diferenza en case 10 puntos entre o concello de Ourense e o resto de Galicia, diferenza que se incrementa en máis de catro puntos se a comparamos coa taxa media do Estado español"*.

▲ **Tomás Cotos, á esquerda, durante a presentación do informe**

No informe tamén se achegan datos interesantes sobre a idade e os coñecementos da cidadanía ourensá en liña, revelándose o que dalgún xeito xa se supoñía: que nos casos onde hai residentes mozos/as, a posibilidade de que se conte con acceso á Rede se incrementa. Así, nos ámbitos familiares onde reside unha persoa menor de 15 anos, a porcentaxe de dispositivos electrónicas para o acceso medra até o 91%.

A capacidade adquisitiva, sinálase, tamén é un factor decisivo para dispoñer (ou non) de conexión á Internet, e máis se temos en conta que o 80% dos domicilios con ingresos superiores aos 1.500 euros contan con equipamento preciso para estar en liña. Unha vez máis, engádese, estamos ante un problema de custes, cousa que con toda probabilidade acadaría unha solución no caso de que a oferta comercial fose máis económica ou ben se contase cunha rede pública e aberta que cubrise estes baleiros.

Neste senso, sinalar que o Concello puxo xa en marcha unha rede sen fíos para achegar acceso a zonas públicas da cidade e máis a 18 núcleos rurais.

InnovaTe inaugura en Vigo o seu periplo por España

A carpa de Telefónica recibe os primeiros visitantes do país

Redacción

A última semana de xaneiro a carpa *InnovaTe* de Telefónica estivo instalada en Vigo para amosar ás persoas asistentes os últimos avances tecnolóxicos da compañía en materia de accesibilidade, lecer e multimedia, nun marco único que salientou pola súa orixinalidade e polo seu deseño vangardista.

O espazo, que estivo aberto ao público das 10:00 ás 19:30 horas durante unha semana, foi inaugurada polo voceiro municipal do PSdeG – PSOE en Vigo, Carlos López Font, que acudía en substitución do alcalde da cidade, acompañado polo director territorial de Telefónica en Galicia e Asturias, Ignacio Aller.

Vigo foi a cidade escollida para iniciar o periplo de *InnovaTe* por toda España, que a tal hora xa está percorrendo toda España cos últimos avances en televisión 3D, realidade aumentada e códigos BIDIs, así como varias aplicacións revolucionarias en materia de saúde e rehabilitación como o control biométrico remoto de doentes.

Ignacio Aller mostrou a importancia desta mostra afirmando que Innovate "*é un exemplo claro da aposta da compañía pola investigación e o desenvolvemento, o que a converte na empresa que maiores recursos destina anualmente a este concepto en España (668 millóns de euros en 2008) e que se destinan fundamentalmente a mellorar a calidade de vida das persoas*".

De entre os servizos relacionados coa accesibilidade e a responsabilidade social, *InnovaTe* deu a coñecer *Rehabitic*, unha plataforma interactiva que permite desenvolver de forma remota terapias de rehabilitación de lesións de xeonllo; *A miña Familia*, o máis completo servizo de teleasistencia no que o móbil é a ferramenta principal; e *Posto Adaptado*, servizo que facilita o acceso das persoas con diversidades funcionais ás tecnoloxías do eido dixital.

Na área do lecer e multimedia amosouse a revolucionaria televisión en 3D desenvolvida para a plataforma *Imagenio*, onde a través de nove membranas no plasma ou o LCD lógrase unha visión estereoscópica sen necesidade de dispositivos externos. Este avance, como todos os que se mostran en Innovate, aínda non se comercializa, polo que a carpa se converte nunha fiestra cara ao futuro da tecnoloxía.

Dentro do eido da publicidade e mercadotecnia púidose coñecer a *Realidade Aumentada*, poderosa ferramenta comercial e de difusión que xunta na mesma imaxe obxectos reais e obxectos virtuais. Neste mesmo contexto, *InnovaTe* fará demostracións aos vigueses sobre a utilidade dos Códigos BIDI, versión mellorada dos códigos de barra cuxa información pode ser lida coa cámara de fotos dos teléfonos móbiles; ou da súa *Mesa Surface*, un ámbito empresarial a través de interfaces naturais que proporciona importantes aplicacións para o sector empresarial, para o *retail*, para a educación e o entretemento ou para a mercadotecnia interactiva.

Innovación en resumidas contas

Telefónica e Ineo reuníronse para amosar polo miúdo a utilidade das TIC

Redacción

O programa itinerante InnovaTe do que falamos na páxina anterior desta revista (entre outras cousas para dar conta do seu inicio de actividades con Vigo como punto de partida) serviu de impulso a diferentes traballos colectivos dirixidos a conseguir que non ficase nada da Rede pendente de entender. Nesta liña situouse a celebración dunha xornada sobre a innovación ao servizo da sociedade e as empresas que organizaron Telefónica e Ineo na Confederación de Empresarios de Pontevedra. Desenvolvida como dixemos ao abeiro de InnovaTe, deu acubillo a importantes especialistas en materia de telecomunicacións e canles dixitais da información.

A sesión, inaugurada por Ignacio Aller (director territorial da operadora en Galicia e en Asturias), incluíu unha quenda de relatorios a cargo do presidente da Comisión de Innovación Ineo, Javier Álvarez Osuna (que falou sobre a innovación como estratexia de evolución empresarial), e máis do director xeral da firma Nextgal, Manuel Lagos (que amosou un caso de éxito nunha empresa que usa sistemas de localizadores GPS).

Asemade, a xornada contou coa participación do director de Relacións Internacionais e Programas Públicos de Telefónica I+D, José Jiménez Delgado, que fixo un percorrido polos máis recentes desenvolvementos tecnolóxicos da división de investigación da dita operadora (segundo apuntou o relator, o meirande centro de investigación de España, cun investimento en 2008 de 668 millóns de euros), facendo fincapé nas utilidades que estes traballos lle achegarán á cidadanía. Para comezar, afondou no futuro da nova era das comunicacións, salientando a Web 3.0 e a realidade virtual. Todas estas innovacións irán integrándose na forma de vivir dos cidadáns, sinalou, variando mesmo a feitura dos gobernos das vilas e cidades, os transportes ou a eficacia enerxética, entre outras cousas. Para acadar todo isto, manifestou, Telefónica I+D "está a traballar sobre diversas liñas estratéxicas, innovando en novas maneiras de crear coñecemento, como as redes sociais, e colaborando en universidades e centros de formación, como o Massachusets Institute of Technology (MIT), as Cátedras Telefónica de diferentes universidades e moitos outros centros de investigación arredor do mundo".

No que respecta ao presidente da Comisión de Innovación de Ineo, Javier Álvarez Osuna, dicir que centrou o seu relatorio en Charles Darwin e os seus estudos sobre a evolución aplicándoos ao feito tecnolóxico-dixital nas empresas. Ao seu xuízo, é fundamental que as firmas innoven de xeito constante, tanto en produtos como en procesos, sendo os equipos directivos de cada compañía os que elixan o tipo de innovación máis axeitado para a súa situación concreta, aproveitando tanto como poidan esa estratexia para poder crear unha gran diferenciación perante os seus competidores directos (evolución e selección natural).

Logo foi a quenda do director xeral da empresa galega Nextgal, Manuel Lagos, quen amosou un caso concreto de éxito nunha empresa que emprega a máis moderna tecnoloxía e na que traballa un importante equipo de técnicos desprazados que, grazas a unha aposta a prol da innovación, foron testemuñas dunha optimización na asignación dos seus traballos cun sistema de localización GPS. Entre outras moitas vantaxes, informou, este sistema fai que se mellore a seguridade dos empregados, se minimice o custe e o tempo das chamadas telefónicas e se reduzan os tempos de resposta de atención ao cliente e máis as viaxes.



Sobre tarxetas perforadas e outras historias

Achegamos unhas cantas razóns para decantarnos polo software libre no educativo antes que polo pirateo

Redacción

1 O meu can chámase… Eniac?

Hai uns días un alumno comentábame que o seu computador íalle moi devagar. Era un dos máis recentes modelos da serie Vaio de Sony, un ordenador que, ao entender de quen escribe e empregando unha frase do personaxe de Russel Crowe en A sombra do poder, podería ser usado para controlar satélites. E isto dígoo en serio porque se o cracker ruso do filme de James Bond, Goldeneye (outra referencia cinematográfica, sorry), facíao cun módem de 56 kb e con OS/2 3.0 Warp instalado nun PC, que non poderá levar a cabo alguén cunha máquina actual? E esta anécdota sírveme para introducir o tema do artigo: a tecnoloxía axúdanos a que a nosa vida sexa máis cómoda, pero non nos fai máis intelixentes (o mesmo pasa coa santidade). Facer as cousas máis doadas ás veces só serve para ter mozos malcriados no senso tecnolóxico, e máis noutros se cadra.

Semanas atrás lembraba co meu amigo José Ramón, xerente dunha das empresas máis antigas de Galicia nisto da informática, Microgal, e applemaníaco sobre esta cuestión. El está a favor dunha tecnoloxía práctica, isto é, que resolva as incomodidades diarias no traballo e na vida. E o certo é que, quen non? É unha marabilla ter unha cafeteira na que podas confiar sen que fique "colgada", ou precise o último Service Pack. Pero esa aposta pola comodidade non debe estar oposta (e creo que el pensa tamén así) co emprego e o coñecemento dos avances tecnolóxicos. Falando en prata, está moi ben que o teu ordenador teña chiquicientos xigas de RAM ou disco duro, pero non está de máis que saibas o que é un xigabyte. Se non por outra cousa (cultura, etc) por se algunha vez vas á ruleta da fortuna.

Tamén creo que debe ser certo que cando os dinosauros se atopan, saúdanse contándose as cicatrices. Cando veo a José Ramón sempre lembramos que moitos levamos máis anos dos que desexaríamos confesar en isto; el recorda cando programaba con tarxetas perforadas (un non premio para quen teña visto algunha) e eu cando aumentaba a velocidade do meu Commodore 64k cun cartucho externo. O dito, dinosauros amigos amosándose as cicatrices.

2 Quen lle ten medo ao terminal feroz?

Deus me libre de ser un vello rosmón ao estilo do avó Cebolleta. Ningún tempo pasado foi mellor. O tempo pasado unicamente é pasado, e se nos poñemos estupendos, historia. Pero a crítica é a esencia dun sistema que desexa perfeccionarse, así que…

Unha das vantaxes que GNU/Linux ten sobre outros sistemas privativos é que é aberto. Isto implica que o seu emprego precisa uns coñecementos integrais sobre as máquinas que outros sistemas operativos van agochando co seu desenvolvemento. Un exemplo disto é Mac OS X, que ten a consola de mandos (o/a terminal, ou sexa) acochada no cartafol de utilidades coma se dun fillo non desexado se tratase. O certo é que o actual sistema de Apple é un derivado de Unix, coma tantos outros por moito que se envolva en deseño. Así, malia que o sistema se vista de seda, FreeBSD se queda.

A nivel doméstico ou profesional non hai problema. O tempo é ouro. A comodidade imponse. Vale o devandito máis arriba para a cafeteira. Pero o eido académico éche outra cousa: non se pode formar aos rapaces nun suite ofimática, no emprego do navegador web e ficar satisfeito. Coido que nunha axeitada formación en informática, a mocidade ten que comprender ben que un desaparafusador non che trinca, e que moitas das tarefas mecánicas como o troco de pezas ben o poden facer os propios rapaces. O seu peto agradecerallo. Creo que deben saber que estas páxinas da Rede e estas xanelas de cores en realidade son código e imaxes. A súa capacidade mental medrará coa disciplina que se prende ao programar. Creo que deben saber que o sistema pode seguir funcionando se o rato nos deixa tirados nun intre dado (son os chamados atallos de teclado). Os seus nervios terán un acougo cando o traidor mouse os abandone para andar á busca do queixo. De verdade que non estou lembrando a guerra do 14, pero non se pode comezar a casa polo tellado. E se un ve o programa de informática oficial de secundaria entenderá o que estou a dicir. É tan enleado poñer os alicerces sobre o tellado…

E chegado a este punto é onde me vai dar por falar de ética. O software libre é ante todo unha toma de posición perante determinados comportamentos ilegais frecuentes nos nosos mozos. Educalos para que poidan facer as cousas por si mesmos en troques de resolvelas apropiándose de solucións alleas de xeito pouco honorable (son fino, non é?). Deben entender que o pirateo ten repercusións económicas, que hai xente que vive de deseñar software, morais (delgada é a liña que os afasta da delincuencia), etc. Educar significa conducir, pero tanto na información coma formación.

E agora si que me estou a pór en plan cebolleta. Dígoo pola propia cebola, porque me están a entrar desexos de chorar. España é o país máis pirata de Europa. Nuff said, é o intre de deixar o artigo. Pero alguén debería convidar ás mozas e mozos a reflexionar de que coa súa educación non se xoga… e co pan dos demais tampouco.

Máis Xacobeo 2010 na Rede

Nace unha nova web para promover o Camiño en Internet

Redacción

Co principal obxectivo de promover o Camiño de Santiago por todo o mundo baixo unha única imaxe de marca común e inconfundible, unha empresa de deseño galega (Enxeño Galicia), en colaboración coa arquidiocese de Compostela, de 35 concellos galegos e de varias empresas e asociacións turísticas do país, vén de crear unha nova web 2.0 vinculada ao Ano Santo Xacobeo 2010, unha plataforma que baixo o nome www.encaminate.com, abrangue toda a oferta do Camiño nunha sola plataforma virtual aberta a todo o mundo.

A web, que incorpora numerosas ferramentas tecnolóxicas para que o público interactúe en liña con todo o que lle interese sobre o Ano Santo, parte dunha iniciativa privada que persegue, segundo palabras do director da empresa, Modesto Gómez, "converterse nunha plataforma social interactiva única que axude a potenciar Santiago e Galicia".

O obxectivo é dar a coñecer o Ano Santo en todo o mundo, e baixo o lema "Galicia te espera en Santiago", os deseñadores xogaron coa imaxe dun círculo cunha x, que pretende ser ao mesmo tempo a x de Xacobeo, o dez en números romanos do ano e unha cruz, simboloxía relixiosa por excelencia.

Aproveitando esta marca, Enxeño Galicia trasladou a iniciativa ás novas tecnoloxías a través dunha web 2.0 para a súa "*socialización*" e "*democratización*", coa intención de que todos participen na promoción do Ano Santo.

A web, que conta xa co apoio de 35 municipios e de varias empresas e administracións, presenta unha ferramenta cun alto grao de interactividade adaptada aos diferentes segmentos de idade, que permite unha navegación rápida e doada grazas ao seu concepto visual e gráfico.

Entre as seccións que ofrece o sitio destaca a Guía do Camiño de Santiago, onde a modo de mapa de metro, os internautas poden atopar información de utilidade sobre os diferentes equipamentos que hai nos concellos polos que pasa a ruta.

Outro apartado que destaca especialmente é o Xestor de eventos, que permite organizar actividades baixo demanda e de forma prepago para que calquera persoa interesada traia a Santiago e a Galicia os eventos que desexe.

Asemade, podemos citar a sección Encamina2, que lle posibilita aos usuarios intercambiar opinións sobre a ruta así como a Tenda Online, na que se poden adquirir todo tipo de produtos exclusivos de orixe galega que ofrecen as tendas asociadas.

Pero a iniciativa non queda na Rede e a intención de Enxeño Galicia é agora poñer en marcha un xornal de distribución gratuíta en papel que sairá a partir de Semana Santa con novas relacionadas co Camiño; unha canle de televisión a través de YouTube e a inclusión da plataforma en varias redes sociais para potenciar a "*suma de esforzos*" na promoción do Camiño de Santiago.

A intención dos creadores do proxecto é que este portal se converta "*nunha ponte de todo o relacionado co Camiño*", así como "*nun catalizador da oferta fragmentada que ata agora hai noutras webs*".

O portal responde a un traballo de sete meses de intenso labor xa que antes de lanzalo fíxose un test de empregabilidade de entre 200 persoas de diferentes culturas de fala hispana, que deron a súa opinión sobre a utilidade e a funcionalidade desta ferramenta interactiva.

A web, que destaca pola súa orixinalidade e a creatividade dos deseñadores, preséntase en castelán, galego e inglés, porén sairá en breve unha nova versión en francés, para facela, se cabe, aínda máis universal.

▲ Modesto Gómez na presentación oficial da web

Apple presenta oficialmente o seu iPad

Marcus F.

Despois dunha longa espera e multitude de rumores, Apple presentou o seu novo produto estrela, o iPad, un dispositivo baseado nunha pantalla multi-táctil de 9,7 polgadas cunha resolución de 1.024 x 768 píxeles (cun recubrimento oleofóbico coma o iPhone 3GS) e uns 700 gramos de peso que sorprende por funcionar cun procesador Apple A4 a 1 GHz (o que indicaría que a compañía de Cupertino opta agora por fabricar o cerebro dos dispositivos deste tipo) e que, pese a que se falaba que sería revolucionario, finalmente vén a ser unha especie de iPod Touch de grande tamaño, compatible con moitas das aplicacións de tal trebello, pero orientando o seu uso á reprodución de vídeo, a visualización de páxinas web, os xogos e a lectura.

A interface do iPad é moi semellante á do iPhone, contando con grandes iconas e con algunhas aplicacións de escritorio portadas ao novo trebello, de xeito que agora a reprodución multimedia en vez de ser semellante á dun iPod, é como a de utilizar iTunes nun Mac. A súa potencia permítelle reproducir vídeo en alta definición, tanto almacenado no propio dispositivo como a través de YouTube e gozará de multitude de aplicacións, xa que o SDK para o iPhone actualizarase para facilitar a adaptación dos programas actuais ao novo dispositivo. De

feito, as aplicacións actuais para iPhone/iPod Touch poderán verse a tamaño normal no iPad e incluso dobrando os píxeles para poder adaptalas a pantalla completa, o que agradecerán especialmente os xogos, que serán un dos pratos fortes do trebello.

Inspirándose no éxito da plataforma de libros electrónicos de Amazon, o iPad conta coa aplicación iBooks, que accederá a unha iBook Store na que mercar libros para o iPad, dispositivo que podería ter certo éxito para a lectura de libros e revistas, aínda que dende Apple tamén atopáronlle usos máis profesionais, de xeito que adaptaron a súa suite ofimática iWork para funcionar co novo dispositivo, que permitirá así visualizar e editar documentos coa aplicacións Keynote, Numbers e Pages.

Entrando a analizar o hardware, estamos ante un trebello que mide 242,8 x 189,7 x 13,4 milímetros, pesa 680 gramos no modelo con Wi-Fi e 730 gramos no modelo que incorpora tamén conectividade 3G, Wi-Fi n, Bluetooth 2.1, acelerómetro, sensor de luz ambiental, conector de auriculares estándar, altofalantes, micrófono e saída de vídeo a través de conector base, mentres que os modelos máis avanzados tamén contarán con conectividade GSM/EDGE/UMTS/HSDPA, compás dixital e A-GPS. Venderase en capacidade de 16, 32 e 64 Gb, contará cunha batería recargable cunha autonomía de ata 10 horas. Aparte da pantalla táctil, controlarase tamén mediante botóns externos que permite acender/apagar, espertar/durmir, enmudecer, subir e baixar o volume e ir ao inicio.

No tocante aos seus prezos, o modelo básico de 16 Gb custará 499 dólares nos EE.UU., incrementando 100 e 200 euros para as versións de 32 e 64 Gb respectivamente, mentres que o modelo que, aparte de Wi-Fi, tamén inclúe 3G (ou sexa, máis próximo ao iPhone que ao iPod Touch), os prezos van dende 629 a 829 dólares, aínda que haberá que agardar para coñecer os prezos que terán en Europa (que poderían estar entre os 449 e os 799 euros segundo os modelos).

Farase esperar

A súa chegada ás tendas norteamericanas do modelo básico (só con Wi-Fi) agárdase para mediados de marzo e suponse que tamén será posible adquirilo dende o estranxeiro sen problemas, aínda que os modelos 3G asociados a tarifas de datos móbiles agárdanse para o verán, polo que estímase que a Europa chegará oficialmente o dispositivo por tal data, asegurando dende os servizos informativos de Telecinco que será Telefónica a compañía que traia o trebello a España, pois segundo parece están en negociacións con Apple, e «en calquera momento» poderían anunciar o acordo entre as compañías para vender o iPad no territorio español.

De todos os xeitos, a información de Telecinco non parece moi fiable, pois entre outras cousas falan dunha comercialización en exclusiva, cando estamos a falar dun trebello que venderase libre (ou iso asegurou onte Steve Jobs), polo que non ten moito sentido que unha operadora vaia subvencionar o terminal, aínda que si parece lóxico que sigan

unha política semellante á estadounidense, ofrecendo unhas tarifas de datos a través de 3G máis económicos que as destinadas a equipos informáticos.

Algunhas carencias

Pero este novo dispositivo que prometen tan bonito, ten as súas eivas, coma o feito de que estea moi pechado ao control de Apple, non conte con capacidades de multi-tarefa (de xeito que non permite o uso de aplicacións en segundo plano, o que en certos escenarios de uso supón un problema notable), o seu navegador web non inclúe soporte de Flash, non funciona coma móbil (parece ser que nin sequera conta coa aplicación para SMS, pese a que a meirande parte das conexións de banda larga móbil aceptan tal función) e carece de cámara (o que limita o uso de aplicacións de videoconferencia, que si permiten outros dispositivos que puideron verse no CES de Las Vegas hai poucos días). Tamén é moi criticado que a lectura de tarxetas de memoria SD e a conectividade USB acádese a través de adaptadores externos.

De todos os xeitos, estamos ante un produto que terá o seu público, e podería ser o grande éxito de Apple para a tempada, pois lembremos que os resultados económicos da compañía por mor do iPhone foron moi positivos, e este novo produto podería avanzar nesta dirección sen vampirizar o mercado de equipos portátiles de Apple.

Potencial coma lector de comics e revistas

Durante a presentación en sociedade do iPad, The New York Times amosou as posibilidades da adaptación da prensa ao novo produto estrela da compañía de Cupertino, de aí que non sorprende que os editores de comics xa estean a mirar se poderían comercializar os seus produtos para o novo dispositivo, o que parece bastante probable se temos en conta que xa na actualidade existen aplicacións para o iPhone coma ComiXology, Panelfly ou iVerse que permiten a lectura de banda deseñada, pese ás limitación de pantalla do móbil de Apple.

Que a pantalla do iPad sexa de 9,7 polgadas, cunha resolución de 1.024 x 768 píxeles, posibilita a lectura de moitos comics (non todos, pois dependería da densidade do seu texto), e Panelfly, adiantándose á competencia, amosa a aparencia da súa aplicación (actualmente dispoñible para iPhone e iPod Touch) adaptada ao iPad, e que serve para mercar e ler multitude de comics tanto de editoriais independentes como de

xigantes como a Marvel, aínda que sen contar no seu catálogo coas últimas novidades.

A nova aplicación está xa optimizada para cando o iPad chegue ao mercado o mes que vén, e conta con diversos xeitos de amosar os comics adquiridos polo usuario, dun xeito que lembra o funcionamento da aplicación iPod do iPhone, de xeito que podemos navegar entre as obras tanto a través de listaxes coma dunha estrutura tipo Cover Flow, así como tamén podemos ler comics en formato vertical coma horizontal.

A chegada do cómic ao iPad parece inevitable, e haberá que ver se o prezo de 99 céntimos ao que Marvel vende moitas das súas obras a través de Panelfly resulta o suficientemente atractivo como para lanzar aos usuarios á compra legal deste tipo de obras prescindindo do soporte físico, o que podería ser un factor chave para

o éxito do novo dispositivo de Apple.

Loxicamente, se o sector das viñetas mira ao iPad, os editores de revistas en papel tamén están moi atentos ao produto, e teñen certa confianza en que este tipo de dispositivos poidan manter a viabilidade dos seus negocios a medio/longo prazo, posto que permitiría a compra/subscrición de exemplares periódicos das súas publicacións, de aí que estean a xurdir distintas iniciativas para axudar á conversión de formatos aos novos soportes, coma PixelMags, que permite levar as revistas á pantalla do iPhone de xeito moi doado, agardando que en pouco tempo teñan lista a súa aplicación tamén para o iPad, o que agradecerán especialmente os pequenos editores, que non poden realizar grandes investimentos en novos ámbitos de negocio, de xeito que poden introducirse neste novo mercado cun risco practicamente nulo.

Accesorios

Apple acompañará o lanzamento do iPad con accesorios coma unha funda e un teclado físico, pero fabricantes de accesorios coma Belkin ou Griffin tamén toman posicións e anuncian as súas fundas pensadas para o novo trebello de Apple.

Dende Griffin preparan o Elan Sleeve e o Elan Passport, mentres que dende Belkin xa atrévense non só a amosar 3 fundas, senón tamén a pórlles prezo, comezando por unha básica Grip Sleeve a 29,99 dólares

(20,83 €) e chegando ata a Max Sleeve e a Vue Sleeva, ambas a 39,99 dólares (28,01 euros).

O Grip Sleeve será a típica funda axustada que permite protexer o iPad de golpes, mentres que o Vue Sleeve conta tamén cun peto con fiestra que facilita a localización e almacenamento de accesorios para o novo dispositivo de Apple; pola súa banda o Max Sleeve conta cun departamento que pode expandirse para facerlle sitio a accesorios (e que non ocupa espazo cando non é preciso).

Código QR

Vídeo da presentación oficial do novo iPad

Máis información sobre os códigos QR na páxina 3

Battle of Puppets, unha pequena marabilla feita en Lugo

Redacción

Mentres as miradas de todo o mundo diríxense ao novo iPad de Apple, a tenda de aplicacións para o iPhone e iPod Touch incorporou o pasado 27 de xaneiro un divertido xogo e permite converter ao usuario n marionetista que controla tratexicamente un exército de onifates para trunfar coa repre-sentación de óperas nos esce-narios dos EE.UU., atravesando todo Norteamérica derrotando a compañías rivais para chegar á meta: o teatro de Broadway. Con este curioso argumento metémonos en Battle of Puttets (A Batalla dos Monicreques), un xogo de estratexia en tempo real con desprazamento horizontal (ou sexa, un tower defense) ao estilo do Sword & Soldiers de WiiWare, que é obra da empresa luguesa Small Wonders e que, aparte dunha carismática aparencia gráfica, tamén conta cunha banda sonora de luxo, que permiten descargar de balde da Internet, obra de Arturo Vaquero de Abrigueiros Estudios, que actualmente é candidato aos Premios Goya polo seu tema Agallas vs escamas para a película Agallas.

A música está inspirada en xogos coma The Legend of Zelda, cun ton moi infantil, e introducindo tamén fragmentos reinterpretados das óperas que aparecen nas distintas misións do xogo para ambientar as vitorias e derrotas.

A mecánica do xogo é relativamente sinxela, como a de calquera outro xogo de guerra de castelos

(adaptando a súa dificultade para todos os públicos), apoiado por un argumento operístico, no que recréanse obras coma Madame Butterfly ou Carmen (con toureiro, bandoleiro, pecados e toro de lidia coma exército) na pequena pantalla do iPhone. Sen dúbida, un título moi interesante que podemos mercar por 1,59 euros, o que é un prezo magnífico para un título con 22 escenarios, 3 modos de xogo e 5 zóperas distintas (con exércitos e músicas diferentes).

Juan Carlos Araujo, produtor do xogo, asegura que os comentarios sobre o xogo están a ser moi positivos, polo que xa están a pensar en portar este xogo a terminais co sistema operativo Android, e dende Small Wonders tamén están a preparar un novo título para todos os públicos do que darán conta nos vindeiros meses.

Código QR

Vídeo que abre a porta ao mundo de *Battle of Puppets*

Máis información sobre os códigos QR na páxina 3

GRAND THEFT AUTO

As expansións de *Grand Theft Auto* chegarán en marzo a PC e PS3

Marcus Fernández

O xogo *Grand Theft Auto IV* gozou de fortes vendas en boa medida por ser multi-plataforma, pero os seus contidos descargables apareceran só para Xbox 360 (o primeiro en febreiro de 2009 e o segundo en outubro do mesmo ano) e chegaron incluso a venderse recompilados nunha caixa chamada Grand Theft Auto: Episodes from Liberty City, que finalmente sairá tamén para PC e PlayStation 3 o vindeiro 30 de marzo, o que significaría que tería rematada a fiestra de exclusividade adquirida por parte de Microsoft.

Os usuarios da PS3 tamén poderán descargar de xeito independente as 2 ampliacións descargables a través da PlayStation Network, de xeito que o xogo en caixa custará 39,99 euros, mentres que cada un dos seus contidos descargables custarán 19,99 euros, aínda que habería que precisar que para xogar ás descargar independentes é preciso contar co GTA IV, mentres que a edición de caixa xa inclúe o núcleo de tal xogo incorporado, simplificando así o sistema empregado para gozar deste título.

NEW SUPER MARIO BROS WII

O xogo para a Wii supera os 100 millóns de copias

Pese a que o grande éxito no sector dos videoxogos da tempada é claramente o xogo Call of Duty: Modern Warfare 2, este xogo de acción para público adulto ten un duro competidor da man de Nintendo, o New Super Mario Bros Wii, que pese a ser un título exclusivo para unha plataforma en concreto, podería superalo en número de copias vendas a medio-longo prazo, pois veñen de anunciar que en só 8 semanas á venda o xogo sumou 3 millóns de copias en Europa, 3 millóns en Xapón e 4,5 millóns en Norteamérica, polo que superaría en vendas ao Super Mario Galaxy, e situaríase coma un dos xogos máis vendidos desta xeración.

Se analizamos os xogos por plataforma, o New Super Mario Bros Wii é o claro vencedor deste Nadal, superando os 10 millóns de copias, mentres que o Modern Warfare 2 para Xbox 360 quedou en pouco máis de 9 millóns de copias, aínda que superaría os 15 millóns se sumamos as vendas para PlayStation 3, pero en conta que os xogos de Nintendo para Wii tenden a ter fortes vendas a longo prazo, é de agardar que Mario supere ao xogo desenvolvido por Infinity Ward (lembremos que o New Super Mario Bros para Nintendo DS vai polos 21 millóns de copias, e continúa entre os xogos máis vendidos na actualidade).

Pese a que a Wii parece estar en decadencia, tal crise non está a afectar aos títulos desenvolvidos por Nintendo, e incluso Wii Fit Plus supera lixeiramente ao Modern Warfare 2 para Xbox 360 a nivel mundial, Mario Kart Wii supera os 20 millóns de unidades vendidas e Wii Play vai camiño dos 27 millóns de copias.

ASSASSIN'S CREED 2

Chegará ao PC en marzo

Marcus Fernández

Ubisoft anunciou que o xogo Assasin's Creed 2 sairá á venda para PC en Europa o vindeiro 4 de marzo, pero a demora da versión para ordenador deste xogo que en novembro chegou á PS3 e á Xbox 360 verase compensada coa incorporación de balde dun par de contidos descargables que son de pagamento para os usuarios de consola. O xogo venderase tanto na edición Director's Cut como na limitada Black Edition.

O xogo precisa para funcionar un equipo con Windows XP/Vista/7 de 32 ou 64 bits, cun procesador Intel Core 2 Duo a 1,8 Gb ou AMD Athlon X2 64 a 2,4 GHz, 1,5 Gb de RAM (en XP) ou 2 Gb de RAM (baixo Vista ou 7), tarxeta gráfica con 256 Mb e compatible con DirectX 9 con Shader Model 3.0, tarxeta de son compatible con DirectX, lector de DVD e 8 Gb de espazo de disco duro libre.

PRINCE OF PERSIA

Prince of Persia chegará aos cines acompañado por un xogo multi-plataforma

O xogo Prince of Persia é todo un clásico de plataformas que deu pé a unha completa saga que este ano chegará aos cines, resultando realmente curioso o feito de que a película baseada nun videoxogo vaia ter tamén a súa contrapartida electrónica da man de Ubisoft, compañía que está a traballar en Prince of Persia: The Forgotten Sands, xogo que sairá en maio para Xbox 360, PlayStation 3, PC, Wii, PSP e Nintendo DS, recuperando o espírito das entregas clásicas (lembremos que o último xogo de Prince of Persia era unha reformulación da saga que non resultou ven acollida polo público pese a ter unha factura magnífica).

O novo xogo estaría situado no universo de Prince of Persia: Las Arenas del Tiempo, que saíra para a anterior xeración de consolas de videoxogos, reinventando a súa xogabilidade e aproveitando a película que chegará na mesma data aos cines de todo o mundo.

Estes e outros anunciantes

xa confiaron en Código Cero.

Confía ti tamén, anuncia a túa empresa!

Contacta con nós no 981 530 268 ou en publicidade@codigocero.com

TU NÓMINA EN CAIXA GALICIA TIENE PREMIO

Con tu nómina* te regalamos hasta 1 año de tarifa plana en llamadas al darte de alta en Vodafone.

Y además llévate este teléfono Samsung Blade por 0€

vodafone

Puedes ahorrarte más de 400€
en tu factura de móvil Vodafone.

sorpréndete. anímate. benefíciate
caixagalíciate

*Para nóminas ya domiciliadas: Consulta las condiciones de la promoción en cualquier oficina de Caixa Galicia.
Para nuevas domiciliaciones de nómina: Compromiso de permanencia mínimo de 36 meses.

Promoción hasta 1 año de tarifa plana de voz: Hasta 12 meses de 34,68€ (IVA incluido) de descuento en cuota mensual al contratar: Tarifa Plana 24h (1.000 min/mes), Tarifa Plana a Todos (1.000 min/mes), Super Tarifa Plana Mini (500 min/mes) o Super Tarifa Plana (1.000 min/mes) y teléfono Samsung Blade por 0€ para altas nuevas, portabilidades y migraciones (antigüedad mínima de 6 meses en prepago Vodafone) a dichas tarifas planas con permanencia de 6 meses en la misma y de 18 meses en Vodafone. Para nóminas ya domiciliadas: 6 meses de tarifa plana Vodafone. Para nuevas domiciliaciones de nómina: 12 meses de tarifa plana Vodafone. Promoción válida para solicitudes en oficina de Caixa Galicia desde 1/02/10 hasta 30/04/10. Disfrute del descuento vinculado a permanencia en Tarifa Plana. Promoción no acumulable a otras promociones. En caso de agotamiento de stock del modelo de móvil ofertado se entregará un móvil de características similares, de igual o superior calidad.

CAIXAGALICIA

www. caixagalicia.es/regalosnomina

Infórmate en 902 12 13 14

Publicidad autorizada: D.X.P.F.eT.expte.nº 023/2010.